<u>R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	24/11/2022 (15/10/2022)	Grao: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2021-22.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2021-22.pdf</a>	Mestrado: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2021-22.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2021-22.pdf</a>	
<u>R1- DO0203 P1 - Plan de acción titorial</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	11/03/2021	<a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2021-22.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2021-22.pdf</a>		
<u>R2- D00203 P1 - Informe final de evaluación do PAT</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	24/11/2022 (30/11/2022)	Grao: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2021-22.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2021-22.pdf</a>	Mestrado: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2021-22.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2021-22.pdf</a>	
<u>R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares</u>	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado	04/05/2017 02/07/2021	Aprobación e prorrroga <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2021-22.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2021-22.pdf</a>		
<u>R1- PE01 P1 - Resultados de evaluación docente definitivos (anuais)</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Non hai datos				

### II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

Inclúese no apartado *VIII. Anexos* do presente IRD o autoinforme de seguimento que se realizou na USC do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (5.<sup>a</sup> ed.), no cal participa o noso Centro, referido ao curso académico 2021/2022.

### III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNNS DO CENTRO -SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNNS

**Seguimento da titulación: Grao en Xeografía e Historia e PCEO en Turismo e Xeografía e Historia**

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

##### **Valoración xenérica**

O programa formativo de ambas as dúas titulacións (Grao e PCEO) desenvolveuse neste curso académico 2021/2022 segundo os criterios fixados nas súas respectivas Memorias verificadas. A docencia impártiuse presencialmente nas aulas, sendo preciso o emprego da máscara por parte dos/as usuarios/as e a ventilación permanente dos espazos dedicados á docencia. Na meirande parte das materias, continuouse impartindo a docencia de xeito síncrono a través da plataforma de teledocencia da UVigo, se ben coa diferenza respecto do curso precedente de que, ao impartir as súas clases nun novo contexto marcado pola presencialidade total nas aulas e eliminarse o sistema de rotación semanal para a asistencia ao centro, o profesorado puido optar por seleccionar libremente se quixo ou non facer uso da mencionada plataforma de teledocencia.

Igual que nos dous cursos precedentes, na medida en que dispoñemos dos resultados das enquisas de satisfacción cumplimentadas polo alumnado do PCEO, tamén os analizaremos conxuntamente no presente informe xunto cos procedentes dos alumnado do Grao, xa que comparten as mesmas materias.

##### **Reflexión/Xustificación**

Unha vez máis, por quinto curso consecutivo, no curso 2021/2022 acadouse e mesmo superouse no Grao o número mínimo esixido pola Xunta de Galicia de alumnado matriculado en primeira matrícula para as titulacións universitarias de grao impartidas no SUG, que no noso caso se aplica ás titulacións dos campus universitarios periféricos. Tal como se pode apreciar no Gráfico 1, os 47 alumnos/as de nova matrícula que iniciaron os seus estudos con docencia xa plenamente presencial representan un número algo inferior ao do curso precedente da nova realidade que seguiu á pandemia, e se sitúa nunha cifra case que idéntica ao do curso académico que coincidiu co confinamento.

Pola súa banda, no que se refire ao alumnado de primeira matrícula do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, por vez primeira dende a súa implantación non se chegou a cubrir as 10 prazas ofertadas, situándose en 8. Trátase dunha baixada significativa sobre os 11 do curso pasado 2020/2021 á que, sen dúbida, non foi allea a significativa redución do alumnado do Grao de Turismo. Con todo, precisaremos ver como evoluciona este dato en cursos vindeiros para determinar se se trata dunha cuestión conxultural, ou, pola contra, dun cambio na súa evolución positiva que se ten dado ata o momento.

Gráfico 1. Estudantes de primeira matrícula no Grao en Xeografía e Historia (n.º)





Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia (%)



Así mesmo, é preciso ter en conta que, a diferenza dos dous cursos precedentes, nos cales se rexistrou un descenso considerable na porcentaxe do alumnado matriculado na modalidade semipresencial do Grao, no 2021/2022 non só se volveu a situar nun valor próximo ao acadado nos tres cursos académicos que precederon ao do confinamento, cando dito estudiantado chegou a representar de xeito continuado ata unha quinta parte de todas as primeiras matrículas (2016/2017: 20,4%, 2017/2018: 20,45% e 2018/2019: 19,57%), senón que mesmo se superou dito valor porcentual. Tal como se pode apreciar no Gráfico 2, este sector representa no curso que nos ocupa unha cuarta parte do noso alumnado de primeira matrícula, o cal deixa tras de si un paradoxo que non podemos obviar: o retorno á presencialidade no labor docente coincidiu cun aumento porcentual da

matrícula do alumnado da modalidade semipresencial. Deberemos agardar aos resultados dos cursos vindeiros para comprobar se se segue a manter dita tendencia, pero cremos é moi probable que o feito de que se incorporase no anterior curso 2020/2021 na relación de causas que xustifican a matrícula nesta modalidade, os motivos económicos (xunto coas outras que ata o momento se viñan aplicando, como por exemplo, a ocupación laboral, a conciliación familiar por fillos ou o coidado de familiares dependentes, deportistas de alto rendemento, enfermidade ou limitación física...), debeu ter un efecto positivo no valor acadado por este dato.

Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia (%)





Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia (%)



A baixada na matrícula influíu na evolución das taxas de ocupación e preferencia, que amosan unha tendencia case que idéntica (Gráficos 3 e 4). Con todo, esta redución non implica que non se acade a meta para ambos os dous indicadores, fixada no 100%: a ocupación sitúase no 117,5% e a preferencia no 100%.

Se nos centramos na modalidade de ingreso, do mesmo xeito que nos cursos precedentes, segue a predominar entre o noso alumnado de primeira matrícula o procedente da Ensinanza Secundaria (Táboa 1).

Conxuntamente, nos tres cursos consecutivos de 2019/2020, 2020/2021 e 2021/2022 sitúase nun representativo 89,33%, correspondéndolle ao 2021/2022 un valor case que idéntico ao de 2019/2020: 87,23% e 88,63% respectivamente. Predomina, polo tanto, entre o noso alumnado de primeira matrícula, aqueles/as que cursaron previamente Bacharelato e accederon aos estudos superiores logo de aprobar o exame da ABAU. Confirmase pois a tendencia que xa sinalamos no anterior IRD correspondente ao curso 2020/2021. Coidamos que é importante ter en conta, porén, que a presencia do alumnado de primeira matrícula procedente de FP volve a aumentar porcentualmente despois de tres cursos de descenso continuado. Se ben se está lonxe do elevado 15% que chegou a representar en 2018/2019, o 8,51% que se acadou no actual curso supera os valores de 2019/2020 (6,81%) e 2020/2021 (5,08%). E que ademais, a diferenza dos dous cursos precedentes que non se matricoulou ningún estudiante de primeira matrícula do grupo de maiores de 25 anos, neste houbo un.

Táboa 1. Modalidade de ingreso do Grao en Xeografía e Historia


Modalidad de ingreso				Total por modalidade	
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	nº	%
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Con PAAU	41	54	39	134	89,33
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Sen PAAU	0	0	0	0	-
Título de Grao	1	0	0	1	0,66
Título de Licenciado	0	1	0	1	0,66
Procedentes de Formación Profesional	4	3	3	10	6,66
Título de Diplomado/Mestres	0	0	1	1	0,66
Acceso para maiores de 25 anos	1	0	0	1	0,66
Acceso por validación de estudios estranxeiros	0	1	1	2	1,33
Total	47	59	44	150	100

No que atinxo á nota media de acceso ao grao, podemos constatar, tal como adiantamos no anterior IRD referido a 2020/2021, que é moi probable que o aumento que entón destacamos en relación con esta variable non fose alleo aos bos resultados que en xeral obtivo o alumnado de ensinanzas medias na proba da ABAU na nosa comunidade autónoma durante o segundo cuadrimestre do curso previo (2019/2020), coincidindo co confinamento sanitario. No curso que nos ocupa, a nota media de acceso sitúase en valores pre-pandémicos e mesmo incluso experimenta un descenso de en torno a unha décima e media en relación con 2019/2020, para situarse en 7,51 en 2021/2022; ampliándose o diferencial entre a media acadada polo estudiantado feminino e o masculino, que se en 2019/2020 era de algo máis dunha décima e media agora acada as catro décimas e media<sup>3</sup>.

<sup>3</sup>

Porén, redúcese esta mesma diferenza na nota de acceso media ao Grao entre o alumnado feminino e o masculino, que en 2020/2021 chegou a acadar un punto e unha décima.

Gráfico 5. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia



Recollemos a continuación, na seguinte Táboa 2, as notas medias de acceso desagregadas segundo os diferentes estudos cursados previamente que facilitan o acceso á titulación. Unha vez máis, o feito de que os datos estean desagregados desigualmente nos tres cursos contemplados (2019/2020, 2020/2021 e 2021/2022), non permite levar a cabo unha análise comparativa. Constatamos, iso si, que as notas más elevadas tenden a se concentrar no estudantado procedente do Bacharelato. Debemos reiterar, igual que en cursos anteriores, que a nota mínima de acceso continúa estando fixada en 5, como así mesmo, que o número de alumnos/as de primeira matrícula cunha nota de acceso por debaixo do 6, que representa o nivel do aprobado, se sitúa en 4 (8,51% do total), idéntico ao de 2020/2021, se ben entón o número de estudiantes de primeira matrícula maior implicou un peso porcentual menor destes (6,55% do total).

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do Grao en Xeografía e Historia

Curso	Modalidade de ingreso	Estudios de acceso	Nota media acceso Home	Nota media acceso Muller	Nota media acceso promedio
2019/2020	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividad. Ciencias e Tecnoloxía	—	8,58	<b>8,58</b>
		Bacharelato (LOE) e Selectividad. Humanidades e Ciencias Sociais	5,95	—	<b>5,95</b>
		Bacharelato LOXSE e Selectividad. Humanidades e Ciencias Sociais	6,94	—	<b>6,94</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,631	7,922	<b>6,815</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,337	7,640	<b>8,163</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	7,846	7,843	<b>7,845</b>

		Bacharelato LOMCE e ABAU. Artes	8,690	—	<b>8,690</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica	5,91	—	<b>5,91</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	—	6,29	<b>6,29</b>
		Título de Bacharelato con proba de acceso	11,440	—	<b>11,440</b>
	Diplomatura	Mestre-/a. Especialidade en Educación Primaria	6,73	—	<b>6,73</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	9,330	<b>9,330</b>
	Títulos de Formación Profesional de Grado Superior (para acceso ata o curso 2019/2020)	Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	7,714	—	<b>7,714</b>
		Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	7,540	—	<b>7,540</b>
		Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	—	6,750	<b>6,750</b>
2020/2021	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	8,305	8,737	<b>8,417</b>
	Título de Licenciado/a	Título de licenciatura do sistema universitario español	—	9,193	<b>9,193</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	7,340	<b>7,340</b>
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	6,480	8,420	<b>7,127</b>
2021/2022	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	7,887	7,855	<b>7,880</b>
	Maiores de 25 Anos	Proba de acceso específica	6,580	—	<b>6,580</b>
	Títulos de grao	Título de grao do sistema universitario español	7,830	—	<b>7,830</b>

	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	7,373	—	<b>7,373</b>
--	---	--	-------	---	--------------

Fronte á mencionada nota media de acceso ao grao de 7,36, porén a nota media de acceso do estudiantado matriculado no primeiro curso do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia confirma a tendencia xa detectada no precedente IRD de progresivo aumento da mesma. Así, se no curso 2019/2020 se situou en 7,6 e no 2020/2021 en 8,12, neste que nos ocupa acada o 8,26 (Táboa 3). De novo debemos mencionar que o dito dato debe ser posto en relación coa cualificación acadada na ABAU e que a nota de acceso segue a ser superior entre as alumnas que entre os alumnos (exactamente dous puntos e medio). Consideramos que é relevante ter en conta a diferenza de case que un punto existente entre a nota de acceso do estudiantado que cursa o Grao daquel outro que cursa o PCEO, xa que, como indicabamos páxinas atrás, comparten as mesmas materias impartidas polo mesmo profesorado, contribuíndo, nalgún caso a suavizar a baixada que en termos xerais se aprecia no conxunto das notas da meirande parte das materias á que nos habemos de referir no Criterio 7.

Táboa 3. Modalidade de ingreso e nota media do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

Curso Académico	Modalidade de ingreso	Estudo de acceso	Home	Muller	Total
2021/2022	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	8,33	10,95	8,99
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	7,54	—	7,54
	<b>Total</b>				<b>8,26</b>

Se fixamos a nosa atención na procedencia xeográfica de todo o alumnado matriculado tanto no Grao coma no PCEO (Táboa) 4, confírmase na primeira de ambas as dúas titulacións a progresiva tendencia cara o descenso daquel que é oriúdo da provincia de Ourense, mesmo incrementándose o nivel de dita diminución nesta ocasión: se no curso 2020/2021 representou o 45,87%, case que un punto menos que o 46,7% de 2019/2020, o 41,42% deste 2021/2022 supón mesmo unha baixada de case catro puntos e medio con respecto ao curso anterior. Así mesmo, sen saír da provincia ourensá, o estudiantado procedente da capital e das localidades rurais pertencentes a dito concello representa o 25,23% do total matriculado e, más especificamente, o 60,91% do total desta provincia. Coidamos que é bastante probable que as ditas cifras se podan poñer en relación coa evolución demográfica de signo negativo que está a experimentar na actualidade a provincia de Ourense, e deixan intuir un problema que non se pode eludir: áinda que se trata da provincia que máis alumnado aporta en termos totais (pero sen chegar a representar a metade de todos os efectivos), é evidente que se está a consolidar a súa tendencia decreciente, a cal se ve reforzada polo feito de que case que dúas terceiras partes procedan do propio concello de Ourense, e a meirande parte do terzo restante de concellos próximos ou non moi distantes, pero non do resto dos concellos da provincia eminentemente rurais. Porén, confirmase, de xeito inverso, outra

tendencia xa sinalada no IRD de 2020/2021: a procedencia da provincia de Pontevedra a penas gaña un punto porcentual respecto do curso pasado (33,1% en 2019/2020, 29,38% en 2020/2021 e 30,47% en 2021/2022); e tanto Coruña coma Lugo, que seguen a ocupar os mesmos postos terceiro e cuarto, respectivamente, continúan presentando un ligeiro crecemento: o alumnado procedente de Coruña supón o 17,61% (15,46% en 2020/2021 e 13% en 2019/2020) e o de Lugo o 8,57% (7,22% en 2020/2021 e 5,9% en 2019/2020). Coidamos que, pese a ser uns bons datos, faríamnos mal en ser excesivamente optimistas, xa que a porcentaxe correspondente á provincia pontevedresa tende a se estancar; e non debemos perder de vista que se trata do segundo foco de atracción de novo alumnado. En segundo lugar, tampouco debemos esquecer que, tal como adiantamos no anterior IRD, é moi probable que entre os/as estudantes con residencia próxima a outros campus universitarios galegos nos que se imparten titulacións semellantes á nosa (referímonos en concreto a contidos teóricos e prácticos impartidos, pero non a plans formativos), se teñan decantado pola nosa titulación ante a imposibilidade de se poder matricular neses outros centros de ensinanza superior, ben pola súa nota media de acceso (o cal redonda na ameza que para a nosa titulación supoñen as pretensións de determinadas facultades pertencentes a outras universidades do SUG de incrementar o número de prazas ofertadas), ben por condicionantes económicos. Por certo, dous argumentos igualmente aplicables ao devandito 25,23% procedente, como dicimos liñas arriba, do propio concello de Ourense. E, en non menor medida, que tamén cremos teñen unha incidencia directa noutros aspectos que se abordan neste presente documento. Por este motivo, neste curso 2021/2022 acordouse por parte do novo equipo directivo do centro incorporar unha modificación á información solicitada na ficha inicial do PAT, que permita dispoñer dunha información máis completa posible sobre as verdadeiras motivacións do alumnado de primeira matrícula á hora de escoller a nosa titulación para cursar os seus estudos superiores. A súa aplicación levarase a cabo no próximo curso 2022/2023 logo do acto de benvida institucional ao alumnado de primeira matrícula, e será no vindeiro IRD cando entremos en detalle a valorar os resultados obtidos.

Porén, si dispomos para o curso 2021/2022 de datos relativos ao PCEO que parecen sugerir a posibilidade da consolidación desta nova dinámica relativa á procedencia xeográfica que faríamnos mal en eludir. Neste senso, en primeiro lugar, o alumnado natural da provincia de Ourense reduciuse considerablemente ata se situar no 38,88% do total fronte ao 53,54% de 2020/2021; por certo, equilibrándose o procedente do concello ourensán con aquel outro de concellos rurais. No seu lugar, e en segundo termo, correspondele o primeiro posto ao estudantado da provincia de Pontevedra cun 44,44% moi superior ao precedente 25,19% de 2020/2021, e con predominancia daquel que é oriundo de núcleos urbanos ou semi-urbanos. E o da provincia de Coruña sitúase nun 13,38% que tamén supera en cinco puntos e medio o 7,87% de 2020/2021, mentres que o de Lugo reduciuse anecdoticamente a un só alumno (cun 2,77% fronte ao 6,29% de 2020/2021). É evidente que estes datos inciden na progresiva perda do peso da orixe ourensá do nosos alumnado, pero tamén en que hai outros factores que, alén da maior ou menor proximidade xeográfica, están a influír claramente no perfil do alumnado que se matricula nas nosas titulacións.

Táboa 4. Procedencia xeográfica do alumnado matriculado no Grao e no PCEO no curso 2020/2021

PROVINCIA/PAÍS	LOCALIDADE	Grao en Xeografía e Historia	PCEO Grao en Xeografía e Historia e Grao en Turismo
A CORUÑA	Ribeira	2	—
	Sada	2	—
	Boiro	1	—
	Rianxo	1	—
	Muros	1	—
	Noia	1	—
	Brión	2	—

	Santiago de Compostela	5	2
	Santa Comba	—	1
	Zas	1	—
	Vimianzo	1	—
	Ponteceso	2	—
	Malpica de Bergantiños	1	—
	Arteixo	2	—
	As Pontes de García Rodríguez	9	—
	Oleiros	3	—
	Negreira	—	1
	Neda	1	—
	Ortigueira	1	—
	Culleredo	1	1
	<b>TOTAL</b>	<b>37</b>	<b>5</b>
LUGO	Monforte de Lemos	2	—
	Chantada	2	—
	O Saviñao	1	—
	Sarria	1	—
	Láncara	1	—
	Lugo	5	—
	A Pastoriza	1	—
	Cospeito	1	—
	Guitiriz	2	—
	Burela	1	—
	Ribadeo	1	1
	<b>TOTAL</b>	<b>18</b>	<b>1</b>
OURENSE	Verín	1	—
	Riós	1	—
	Cualedro	1	—
	Bande	1	—
	Xinzo de Limia	7	—
	Rairiz de Veiga	1	—
	Celanova	1	—
	Vilar de Barrio	1	—
	Xunqueira de Ambía	1	—
	Allariz	2	—
	Cartelle	2	—
	San Cibrao das Viñas	1	1
	Toén	1	1
	Barbadás	4	—
	O Pereiro de	5	—

	Aguiar		
	Carballeda de Valdeorras	1	—
	Ourense	58	7
	Castro Caldelas	1	1
	Coles	1	—
	San Cristovo de Cea	1	—
	O Barco de Valdeorras	—	1
	Paderne de Allariz	—	1
	Porqueira	—	1
	Ribadavia	—	1
	<b>TOTAL</b>	<b>87</b>	<b>14</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	A Guarda	1	—
	Oia	1	—
	Tui	3	1
	Gondomar	—	2
	Baiona	1	—
	Salvaterra de Miño	1	—
	O Porriño	1	—
	Nigrán	2	—
	Ponteareas	6	—
	Mos	1	—
	Mondariz-Balneario	—	1
	Vigo	25	7
	Cangas	3	—
	Redondela	2	1
	Moaña	—	1
	Bueu	1	—
	Soutomaior	1	—
	Marín	1	—
	Pontevedra	6	1
	Meaño	2	—
	Ribadumia	1	—
	Vilagarcía de Arousa	4	1
	Silleda	1	—
	Rodeiro	—	1
	<b>TOTAL</b>	<b>64</b>	<b>16</b>
<b>ALICANTE</b>	Benijófar	1	1
<b>BARCELONA</b>	Barcelona	1	1
<b>BRASIL</b>	Río de Janeiro	1	1
<b>COLOMBIA</b>	Neiva	1	1

No que atinxé á organización e desenvolvemento do plan formativo, esta levouse a cabo de xeito presencial nas aulas durante todo o curso académico. Frente aos dous precedentes, en que foi necesario establecer un sistema de quendas entre o alumnado para garantir a súa asistencia física ás aulas (2020/2021) ou impartir a docencia a través das aulas habilitadas no Campus remoto (segundo cuadrimestre de 2019/2020), no 2021/2022 desenvolveuse presencialmente con normalidade e sen incidencias a destacar nas correspondentes aulas asignadas a cada curso-nivel da titulación, coa opción individual de que o docente puidese á vez conectarse á aula que permite impartir de xeito síncrono a súa docencia a través do Campus remoto. Cumpríronse perfectamente as recomendacións sanitarias vixentes de empregar a máscara por parte de todos/as os/as usuarios/as, como así mesmo de ter permanentemente ventiladas as aulas, debendo recoñecer a actitude en xeral positiva tanto de profesorado como de alumnado ante as baixas temperaturas nas que foi preciso impartir algunas das clases, principalmente durante o inverno. Así mesmo, tamén se detectou un novo problema en relación coa docencia síncrona que non podemos deixar pasar por alto. Referímonos ao feito de que esta implicou na práctica que non sempre se puidesen respectar os horarios fixos de inicio e remate das clases, debido aos problemas tanto técnicos como de conexión dos equipos que se constataron ao longo de todo o curso académico. É evidente que a viabilidade da docencia síncrona, que no noso caso é voluntaria, pasa necesariamente por que os equipos estean perfectamente preparados e a conexión remota debidamente establecida cando o/a profesor/a entre na aula a desenvolver a súa tarefa docente, posto que nesta cada minuto conta para o correcto desenvolvemento do plan formativo das materias. Trátase dunha cuestión que, á vista da experiencia vivida neste curso académico, debe ser estudada e analizada en detalle de cara ao vindeiro curso xa que, ainda que a docencia síncrona sexa no noso caso unha opción persoal e voluntaria, esta nunca pode ir en detrimento do tempo fixado para impartir as clases.

Finalizaremos este criterio fixando a nosa atención nos resultados obtidos nas enquisas de satisfacción e nas enquisas de avaliación docente (EADs). Nas primeiras constatamos unha caída estrepitosa na participación do alumnado do terceiro curso do Grao en relación cos dous precedentes, que é o único que na UVigo cumprimenta as ditas enquisas. O dato resulta por si só suficientemente ilustrativo: se xa no curso precedente se producira unha redución de case dez puntos porcentuais entre o 81% de participación en 2019/2020 e o 71,43% de 2020/2021, agora propiamente deberíamos empregar o termo de «desfeita» en toda regla, posto que o 25% de 2021/2022 representa pouco menos da terceira parte do total do curso precedente ou pouco menos dun cuarto do de 2019/2020. Tamén está en sintonía co baixo valor que presenta a participación de todo o estudiantado da UVigo nestas enquisas, pasando dunha participación do 24,51% en 2020/2021 (chegando a case que triplicar o noso centro dito valor) ao 21% deste presente 2021/2022. Recoñecemos que non podemos valorar a participación lixeiramente superior do noso alumnado sobre estas cifras globais como un dato positivo, senón que más ben o que se produciu foi unha adecuación do noso caso particular ao que semella ser un comportamento estandarizado: o exceso de enquisas en liña ao que está permanente sometido o estudiantado, non necesariamente relacionadas coa súa formación académica, ten contribuído a xerar certo comportamento de rexeitamento cara as enquisas en xeral, e máxime se non comprende a súa implicación. No noso caso, debemos indicar que se avisou e informou en detalle reiteradamente ao alumnado implicado, tanto na aula correspondente coma a través do correo web, da importancia que teñen estas enquisas para a mellora continua da Calidade; pero é moi posible, e trátase dunha hipótese que non debemos desbotar, que a nosa mensaxe non tivese sido recepcionada e debidamente interpretada polos posibles receptores da mesma. Si é preciso ter en conta, ao fío desta mesma cuestión, xa en relación concreta co grupo-clase que seguiu o terceiro curso do Grao, e, polo tanto, era o alumnado implicado directamente en cumprimentar a devandita enquisa de satisfacción, que tamén é moi posible que, ademais dos elementos sinalados, tivese intervido outro factor que desexamos sexa meramente circunstancial. Referímonos ao feito concreto de que se trata da promoción que cursou o primeiro ano da

titulación cando toda a comunidade do centro se tivo que enfrentar aos inconvenientes derivados do confinamento sanitario durante o segundo cuadrimestre de 2019/2020, que en xeral se resolveu con moi bons resultados académicos; que, a continuación no seguinte curso 2020/2021 se debeu de enfrentar á situación da nova realidade e os inconvenientes que xerou o sistema de quendas xa comentamos no anterior IRD; e que en 2021/2022 se tivo que enfrentar ao inevitable frío que trouxo consigo a impartición da docencia coas ventás das aulas abertas e a permanente ventilación. É probable, xa que logo, que dita redución agoche certo descontento, facilmente explicable e que, por outra banda, ten tamén reflexo nos resultados académicos deste mesmo alumnado; pero tamén é posible, e non o debemos desbotar, que este descenso en cuestión reflecta, simplemente, que o nivel de implicación deste na mellora da práctica docente estase a reducir nas promocións más recentes malia o noso desexo de que só garde relación co mencionado exceso de enquisas ao que está permanentemente exposta na actualidade toda comunidade do Centro, incluídos, claro está, os outros dous sectores que tamén integran a nosa comunidade, e non só o, alumnado. Nesta mesma liña, os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción foron igualmente bastante cativos en xeral en todos os criterios en relación cos de todos os cursos precedentes, tal como teremos ocasión de comprobar nos sucesivos apartados, incluídos os deste que nos ocupa e que pasamos a comentar a continuación, non sen antes desexar que simplemente se trate dunha situación puntual que esperemos non se repita en cursos vindeiros. Só o tempo nos permitirá comprobar realmente se a devandita baixada nos bons valores que coñeciamos resposto a unha situación puntual relacionada coa satisfacción concreta dunha promoción igualmente puntual, ou se, pola contra, persiste.

A nivel global, o resultado medio das seis preguntas que abranguen este criterio é de 2,89, preto dun punto inferior ao 3,77 de 2020/2021, xa inferior 23 décimas ao de 2019/2020 (3,9). Polo tanto, atopámonos diante dunha evidencia da devandita baixada xeral nos resultados das enquisas de satisfacción, e mesmo de consideración, tal como se pode apreciar visualmente no Gráfico 6.a. Só o ítem referido aos horarios acada o valor de 4, na liña dos cursos anteriores do trienio contemplado, mentres que no resto dous se sitúan exactamente no valor da mediana (3): distribución e orde das materias, e calendario das probas de avaliación, e as tres restantes por debaixo dela, confirmándose a tendencia que en xeral xa se percibiu o curso anterior 2020/2021 coincidindo coa situación da nova realidade post-COVID. Mesmo retrocede a valoración do PAT, que lixeiramente recuperara algunas décimas en 2020/2021. Segundo se indica no protocolo do PAT do Centro, cada responsable dos catro cursos-niveis do Grao preséntanse e informa da súa tarefa a principio de curso; ao remate de cada cuadrimestre realiza unha xuntanza co seu grupo na que tamén se pasa unha enquisa de satisfacción do PAT; e ao final do ano académico, remítelle o seu informe á persoa coordinadora, quen, á súa vez, realiza o informe xeral. No curso que nos ocupa, decidiuse incorporar como novedade para o vindeiro 2022/2023 dous profesores encargados de tutorizar os seis cursos do PCEO, polo que esta haberá de ser obxecto de valoración no seguinte IRD. Non imos reiterar a argumentación xa exposta ao nos referir á gran baixada da porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.

Gráfico 6.a. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (Grao)





Gráfico 6.b. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (PCEO)



O índice de participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado que cursa o PCEO é maior que no Grao, situándose no 43%. Pero tamén aquí é manifesto o descenso do valor acadado neste criterio, posto que fronte á subida que constatamos na meirande parte dos ítems en 2020/2021, e é evidente que en 2021/2022 se produciu un claro descenso, se ben non análogo ao desplome que se aprecia do Grao (Gráfico 6.b.). En primeiro lugar, porque neste caso si hai polo menos un apartado que mantén a súa tendencia á alza, que curiosamente é un dos dous peores valorados polo alumnado do Grao: referímonos ao PAT. Por outra banda, en segundo termo, o peor valorado é o relativo aos horarios da titulación, que acada en 2021/2022 o peor valor do trienio contemplado para se situar en 1; porén, trátase do ítem mellor valorado entre o estudiantado que cursa o Grao. Repítese polo tanto o xa constatado o curso pasado: os dous sectores do alumnado seguen un programa formativo idéntico no noso centro, pero as súas inquedanzas son diametralmente opostas en bastantes ámbitos,

e este é un deles. En todo caso, e máis alá da complexidade implícita á elaboración dos horarios do PCEO, que implica compatibilizar os horarios de dous títulos diferentes de dúas facultades do mesmo campus, é evidente que as negociacións feitas no curso anterior 2020/2021 dende o decanato do noso Centro, para que finalmente se puidese realizar o reaxuste nos itinerarios formativos do PCEO das catro materias que viña solicitando o seu alumnado, e que se implantou durante o curso que nos ocupa, non tivo o efecto desexado. O estudantado do plan conxunto segue moi descontento co seu horario e esta é unha evidencia que non podemos ocultar. Polo tanto, a nosa valoración non é nada satisfactoria, e resta agardar que a mencionada incorporación dos dous profesores titores para este alumnado no noso Centro de cara ao vindeiro curso contribúa a poder mitigar este resultado preocupante. No resto dos ítems, malia a súa baixada, a utilidade das prácticas supera o valor da mediana, confirmando a clara disociación entre os alumnado de ambas as dúas titulacións, posto que se trata do peor valorado por parte do estudantado do Grao. Os catro restantes sitúanse por debaixo de dita medida. É evidente que o regreso á normalidade na presencialidade, tras a nova realidade que seguiu ao confinamento no curso 2020/2021, coas mencionadas medidas preventivas, non deixou indiferente ao noso estudantado, tanto do Grao coma do PCEO.

No que atinxé á mobilidade do estudantado, recuperáronse os valores previos ao confinamento: se logo dos 5 alumnos/as Erasmus propios de 2019/2020 se baixara a 2 en 2020/2021, en 2021/2022 a cifra situouse en 6; mentres que o número de alumnos/as Erasmus alleo acadou a media do trienio contemplado: 3 (2 deles/as procedentes de universidades italianas e outro de Turquía). De acordo coa dinámica consolidada en cursos pasados, a coordinación de Relacións Exteriores do Centro realizou un seguimento pormenorizado de dito alumnado cun contacto permanente, e este alumnado rematou con resultados favorables os seus respectivos cursos.

Pola súa banda, os resultados das EAD, que si cumplimenta todo o alumnado da titulación, ofrecen unha visión algo contrastada. Estas se veñen realizando a través dunha plataforma telemática dende a situación sanitaria vivida hai dous cursos académicos, contando co previo permiso solicitado pola Área de Calidade ao profesorado, logo do desenvolvemento dunha experiencia piloto por parte da dita área coa que, ademais, se pretende mellorar a representatividade e a obxectividade dos resultados obtidos en ditas enquisas. Non podemos omitir neste senso, en relación co sistema on-line de elaboración das mesmas, o feito de que unha parte do PDI segue sen comprender por que, unha vez recuperada totalmente a docencia presencial, non se ten recuperado o sistema que se empregaba previamente á pandemia para realizar ditas enquisas de xeito presencial na aula. Este sistema on-line permite que o alumnado que non asiste ás clases de xeito presencial no centro nin tampouco sincronamente valore a actividade desenvolvida polo/a docente sen ter ningún tipo de coñecemento ao respecto, polo que, en consecuencia, se perde calquera posibilidade de valoración obxectiva. Así mesmo, o índice de participación, aínda que máis alto que no caso das enquisas de satisfacción, cun 32,65%, tampouco semella que contribúa a paliar a baixa representatividade destas. En todo caso, os resultados procedentes deste terzo sitúan o global da titulación nun 4,4 fronte ao 4,01 dos graos da nosa universidade, e o global do Centro nun 4,26 fronte ao 4,02 global da institución, o que non deixa de resultar significativo tendo en conta os xa comentados resultados das enquisas de satisfacción.

No que respecta ás enquisas cumplimentadas polo alumnado egresado, tamén debemos comentar en primeiro lugar que tamén se produciu un descenso na participación respecto do curso pasado, pasando de 33 respuestas en 2020/2021 a 19 en 2021/2022, con todo algo superior ás 10 de 2019/2020. Cremos que non debemos deixar pasar por alto que todas estas respuestas foron emitidas por unha única persoa titulada sobre as 17 posibles. Este dato remítenos unha vez máis a unha baixa participación que non podemos valorar positivamente, ao contrario. Parece incidir na argumentación xa exposta ao nos referir á sobrecarga de enquisas á que se ve exposto o alumnado durante o período dos seus estudos superiores. Así que, tratándose dun só caso,

non deberíamos dar por representativos os seus valores do total de posibles egresados/as. En todo caso, neste criterio referido á Organización e desenvolvemento, o valor obtido deste único enquisado sitúase en 3,6, algo menos dun punto inferior ao 4,09 obtido en 2020/2021, e tende a incidir nunha dinámica xa sinalada en anteriores IRD: os/as noso/as egresados/as adoitan ten unha mellor valoración dos estudos cursados que o alumnado que se atopa cursándoos.

En último lugar, na medida en que as enquisas de satisfacción que deben cumplimentar tanto o PDI coma o PAS se realizan bianualmente, e no presente curso académico non se efectuaron, non dispomos de datos.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Baixada considerable da participación nas enquisas de satisfacción en relación cos dous cursos precedentes</li> <li>• Baixa participación nas EAD</li> <li>• Persistencia do desaxuste entre a percepción que ten o alumnado que cursa o PCEO e o que cursa o Grao, tratándose do mesmo programa formativo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora</li> <li>• Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as EAD</li> <li>• Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as tutores/as fixadas no PAT, como tamén ás reunións periódicas co decano</li> </ul>

#### Evidencias nas que basea a valoración:

- E1: Memoria vixente do título  
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimiento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora  
 E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)  
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  
 E6: Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

#### Indicadores nos que se basea a valoración:

- I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción  
 I2: No caso de mestrado, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia  
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudiantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudiantes que participan en programas de mobilidade e estudiantes matriculados,...)  
 I09(2)-DO: Estudiantes estranxeiros  
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.  
 I01-AC: Nota media de acceso  
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso  
 I02-AC: Ocupación  
 I03-AC: Preferencia  
 I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

### Valoración xenérica

Toda a información importante do Grao en Xeografía e Historia, como así mesmo das actividades do Centro, está debidamente publicitada e é facilmente accesible para todas as persoas usuarias interesadas. O seu soporte principal é a web institucional do Centro, que se complementa coa difusión de parte desta información a través das redes sociais.

### Reflexión/Xustificación

Segundo na liña do xa sinalado en IRD anteriores, tanto a accesibilidade á información como a transparencia ocupan un lugar prioritario nela desde que a Facultade de Historia superou exitosamente o proceso de certificación do Sistema en 2017. Neste terceiro ano posterior á remodelación formal e estrutural que experimentou a nosa web para adaptala ao modelo institucional, continuamos coa constante actualización dos seus contidos incorporando puntualmente todas as novidades, tanto nos dous idiomas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (galego e castelán) coma en inglés. O seu contido céntrase basicamente nas titulacións que dependen do Centro, destacando especialmente o Grao en Xeografía e Historia, e as variadas actividades e eventos que se desenvolven ao logo do curso académico na nosa facultade, ou que ben son promovidas dende esta. De acordo coa Axenda de Calidade, todos os contidos de interese da Facultade de Historia recóllese no rexistro asociado á Verificación/chequeo de información pública, que pode ser consultado en: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1\\_DO-0301\\_P1\\_2022.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2022.pdf)

Así mesmo, dende o curso 2018/2019, vimos utilizando as redes sociais de Facebook, Instagram e Twitter tanto para informar das novidades como para axilizar a transmisión dos avisos pertinentes aos membros da comunidade do Centro, á vez que resulta unha canle de gran utilidade para visibilizalo xunto as súas titulacións. Cómprase salientar ao respecto o traballo que realiza o bolseiro encargado de atender a estas canles. Neste mesmo senso, debemos referirnos ademais tanto ao grupo de WhatsApp composto polo decano e as delegadas e os delegados de curso e representantes da Delegación de alumnado, como aos catro grupos de WhatsApp, un por cada curso-nivel, que teñen como finalidade axilizar a comunicación dun xeito rápido entre os seus integrantes.

Gráfico 7.a. Satisfacción do alumnado co criterio 2. Información e transparencia (Grao)





Gráfico 7.b. Satisfacción do alumnado co criterio 2. Información e transparencia (PCEO)



Centrándonos nos resultados das enquisas de satisfacción relativos a este criterio, o primeiro que debemos ter en conta é que, a diferenza de cursos pasados, neste que nos ocupa eliminouse o ítem referido á información sobre actividades extracurriculares. Tamén aquí, igual que constatamos no apartado precedente, percíbese unha baixada moi notable dos valores acadados entre o alumnado que cursa o Grao, e unha clara disociación na percepción que este ten fronte ao que segue o PCEO, que xusto neste criterio supera en satisfacción ao primeiro de ambos os dous grupos (Gráficos 7.a e 7.b respectivamente). Así, no Grao debemos falar dunha baixada superior aos dous puntos dende o 3,93 en 2020/2021 ao 2,73 actual, mentres que no PCEO é máis suave, pasado do 3,25 en 2020/2021 ao actual 3. Moi sinteticamente: no caso do estudantado do Grao non se acada o valor da mediada en ningún dos tres ítems contemplados, mentres que para o do PCEO si se consigue no ítem referido á información noutros soportes distintos da web do centro, e mesmo se supera lixeiramente no da utilidade da web. Porén, ambos os dous coinciden exactamente cun 2,67 na facilidade da web, ou o que é o mesmo, en que non facilita unha navegabilidade ágil a pesar de que esta responde á mesma estrutura adoptada pola maioría das titulacións da Universidade de Vigo. Está claro que tampouco podemos referirnos positivamente aos resultados obtidos neste criterio, xa que a parcial mellora procedente do segundo dos grupos, que é minoritario respecto do que cursa o Grao, non mitiga en absoluto a evidente baixada na satisfacción dos/as usuarios/as en relación coa web. Reiteramos a nosa dúbida: ¿cobeñecen estes datos a unha situación puntual da pouca satisfacción que en concreto amosou ter a promoción á que correspondeu cumprimentar as enquisas de satisfacción, ou se trata dunha nova situación á que non estabamos acostumados e que se poderá repetir en cursos vindeiros? Certamente a día de hoxe non podemos dar unha resposta precisa a esta pregunta, pero do que non nos cabe a menor dúbida é de que, estando nas nosas mans, incrementarase áida máis a labor de mantemento e actualización da web que se ven realizando, malia que sexa moi probable que a resposta ao cambio dos valores tan baixos que se acadaron, non se atope precisamente neste esforzo engadido que nos comprometemos a levar a cabo.

Pola súa banda, o decano mantivo dous encontros co estudantado do PCEO ao longo deste curso, tal como ven sendo costume desde que se produciu a implantación destas reunións periódicas no noso Centro entre o seu equipo directivo e este sector do noso alumnado, e concretamente en relación con este aspecto non se manifestou descontento.

Tamén neste criterio, a única persoa egresada que cumplimentou a enquisa de satisfacción respondeu cun 5. Reiteramos non podemos tomar como representativos os resultados procedentes dun só caso, malia a ser moi superiores aos que proceden do alumnado que cursa o Grao e o PCEO<sup>4</sup>.

**Puntos febles detectados:**

- Baixa valoración do ítem relativo á facilidade da web tanto por parte do alumnado do Grao coma do PCEO

**Accións de mellora a implantar:**

- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as tutores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe dita baixa valoración deste ítem, para co coñecemento das mesmas aplicar as melloras que proceda na web

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

#### **Valoración xenérica**

A Facultade de Historia conta cun Sistema de Calidade actualizado de xeito permanente cujos obxectivos consisten na mellora continua dos títulos que se imparten nela, en garantir a transparencia do acceso á información e en difundir a cultura da Calidade entre os membros que integran a súa comunidade, como base imprescindible da excelencia académica.

#### **Reflexión/Xustificación**

O Sistema actualízase de xeito continuado de acordo co calendario que fixa a Área de Calidade da UVigo a través da utilísima “Axenda Básica”, que, ademais, contribúe a que os distintos Centros que integran a mencionada universidade, desenvolvan as correspondentes accións homoxeneamente. Na nosa liña de disponer da máxima información posible para a elaboración o máis completa posible do presente IRD, unha vez máis volvémoslle solicitar voluntariamente aos/as técnicos/as da Área de Calidade a revisión do anterior informe do curso 2020/2021. Agradecemos enormemente as súas sugerencias para a elaboración deste documento, conscientes ademais serán o que revise a comisión encargada de re-certificar o Sistema en setembro de 2023.


Xa comentamos no informe introdutorio as modificacións máis salientables que experimentou a Comisión de Calidade da nosa facultade no curso 2021/2022, pero obviamente debemos reiteralas neste terceiro criterio do noso informe. O cambio no equipo decanal trouxo consigo que a súa presidencia pasase a ser ocupada polo actual

<sup>4</sup> Só a nivel informativo, pero sen ánimo de establecer ningunha comparación cos datos procedentes do único caso para o actual curso 2021/2022, esta media situouse en 3,6 en 2019/2020 e experimentou un ligeiro crecemento ata 4,085 en 2020/2021.

decano, Julio Prada Rodríguez. E, como novos membros, incorporáronse Antonio Presedo Garazo en tanto en canto novo coordinador de Calidade do Centro e Domingo Rodríguez Teijeiro como secretario, mentres que María López Díaz pasou a ocupar o posto de nova colaboradora de Calidade. Tal como sinalamos páxinas atrás, sen lugar a dúbidas o cambio máis significativo consistiu precisamente en delimitar as competencias da figura do/a colaborador/a de Calidade, cuxa consolidación se recomendara por parte da comisión que certificou positivamente o Sistema en 2017, logo de que este viñera apoiando de facto á coordinación de Calidade dende o curso 2013/2014. Para levar a cabo este cometido, modificouse primeiro o Regulamento da Comisión de Calidade (abril de 2022) e logo o propio Regulamento de réxime interno da Facultade (setembro de 2022), para incorporar a ambos doux textos a devandita figura.

Malia a evidente baixa participación do noso alumnado nas enquisas de satisfacción en 2021/2022, insistimos un ano máis na importancia que ten a transmisión das accións de Calidade especialmente neste colectivo da nosa comunidade. Non debemos perder de vista que se trata do seu sector maioritario, polo que formulamos a hipótese (e o dato da baixa participación nas devanditas enquisas así parece corroborala) de que este non é aínda o suficientemente coñecedor (ou, se se prefire, é parcialmente descoñecedor) da relación que existente entre moitas das boas prácticas que se levan a cabo de xeito continuado na nosa facultade e o desenvolvemento do Sistema. Lonxe de calquera valoración pesimista que podamos realizar ao respecto, o dato da baixa participación anímanos, ao contrario, a traballar aínda máis na liña de tentar implicar ao noso alumnado na cultura da Calidade, conscientes do reto que representa este obxectivo, o cal haberá de pasar necesariamente por unha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade, de tal xeito que chegue a operar como canle transmisora das accións da mesma tanto aos representantes da Delegación de Alumnado como aos/ás delegados/as de cada curso-nivel.


Gráfico 8.a. Satisfacción do alumnado co criterio 3. Sistema de garantía de calidad (Grao)



Porén, os valores obtidos nas enquisas de satisfacción neste criterio repiten case que idénticamente o que xa vimos expoñendo nos doux precedentes: unha baixada xeneralizada tanto por parte do estudiantado que cursou o Grao coma o PCEO, que resulta moito máis acusada no caso do primeiro de ambos os doux grupos. Así, no Grao, se entre os curso 2019/2020 e 2020/2021 se observa un descenso de doce décimas, a satisfacción do alumnado co Sistema perdeu un punto e medio en 2021/2022, deixando tras de si un resultado que só podemos cualificar sinxelamente de moi malo, o cal evidencia non só o posible descoñecemento a que nos referiamos, senón mesmo un nivel de satisfacción neste criterio que non chegaría ao aprobado, para se situar case que un punto por debaixo do valor da mediana (Gráfico 8.a).

En cambio, no PCEO, malia a constatarse esta mesma baixada no valor obtido, non resulta tan acusada, perdéndose medio punto sobre a subida de 2020/2021 e só tres décimas fronte a 2019/2020 (Gráfico 8.b). Tampouco se trata dun bo resultado, pero neste caso sitúanós fronte a un retroceso bastante distinto da caída considerable que experimenta a valoración deste criterio nos seus compañeiros que seguen o Grao. Ténase en conta que tanto uns coma outros seguen o mesmo programa formativo, e que dende o curso 2019/2020 que comezamos a ter resultados pare estes segundos, é a primeira vez que presentan uns valores só algo maiores, pero maiores a fin de contas. De feito, tampouco neste criterio o dato medio do alumnado chega ao valor da mediana, pero si poderíamos dicir que chega para o aprobado. Todo parece indicar, pois, que é bastante probable que nos teñamos achegado á desexada converxencia á que nos referiamos no noso anterior IRD, e que xusto nese nivel, o grao de satisfacción baixo que se evidencia en ambos os dous sectores do noso alumnado, sexa máis baixo entre o que segue o Grao que entre o que segue o PCEO. Está por ver, claro está, se se trata, como xa vimos dicindo de datos puntuais relativos a un curso concreto, ou se se trata dunha tendencia que se pode consolidar en cursos seguintes. En todo caso, máis alá da posible converxencia, tamén valoramos negativamente os resultados procedentes deste criterio, e é evidente que persiste unha percepción bastante diferenciada entre ambos os dous sectores, traducíndose en valores más baixos no primeiro deles. Consideramos que o nomeamento dos dous novos profesores titulares no PAT para atender especificamente ao alumnado do PCEO durante o vindeiro curso 2022/2023, tamén pode contribuír a mitigar a baixada no nivel de satisfacción deste sector certamente reducido do noso alumnado.

Gráfico 8.b. Satisfacción do alumnado co criterio 3. Sistema de garantía de calidade (PCEO)



Pola súa banda, o valor procedente da única persoa egresada que cumplimentou a enquisa de satisfacción acadou un 4, superior, polo tanto, ás cifras tan baixas procedentes do alumnado que está a cursar tanto o Grao coma o PCEO. Non insistiremos en que un único caso non pode ser representativo do total de 17 posibles suxeitos titulados/as aos/ás que se lles ofreceu a posibilidade de cumplimentar dita enquisa<sup>5</sup>.

<sup>5</sup> Do mesmo xeito que fixemos no anterior criterio, só a nivel informativo, comentaremos en nota a rodapé que a cifra procedente desta única persoa para o actual curso 2021/2022 segue o mesmo comportamento, posto que dita media acadou un 3,3 en 2019/2020 e logo un 4,6 en 2020/2021.

<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento baixo por parte do alumnado do Sistema, o cal dificulta a súa implicación coa cultura de Calidade</li> <li>Persistencia do desaxuste entre a percepción que ten o alumnado que cursa o PCEO e o que cursa o Grao, tratándose do mesmo programa formativo</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Unha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade que opere como canle transmisora das accións de dita comisión aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/as delegados/as de cada curso</li> <li>Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titulares/as fixadas no PAT, como tamén ás reunións periódicas co decano</li> </ul>
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>	
E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u>	
E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidad</b> , manual e procedementos)	
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidad, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudiante, garantía e mellora da calidad dos recursos humanos, garantía e mellora da calidad dos recursos materiais e servizos e información pública)	
E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidad	
<b>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidad do centro</b>	

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

### Valoración xenérica


O PDI e o PAS da Facultade de Historia son axeitados para as características da titulación e o número de estudiantes (Grao e PCEO), se ben insistimos no proceso de envellecemento que, curso a curso, se ven incrementando principalmente no primeiros de ambos os dous colectivos da súa comunidade, e que vai na liña dun proceso máis amplo que se constata no conxunto da UVigo. Así mesmo, actualizouse e fixose pública a través da web do Centro toda a información referida a ambos os dous sectores.

### Reflexión/Xustificación

Se atendemos en primeiro lugar ao PDI, a diferenza dos dous cursos precedentes, neste que nos ocupa non se produciron xubilacións no seu cadro. Nas seguintes áreas con exceso de docencia foi preciso contratar profesorado a través da activación das súas respectivas listas de agarda: Análise Xeográfica Rexional, Arqueoloxía, Historia da Arte, Historia Contemporánea e Xeografía Física. E tamén foi preciso recorrer a esta mesma modalidade contractual para cubrir parte da docencia da Área de Historia Moderna durante baixa médica dun dos seus membros, que abrangueu parte do segundo cuatrimestre.

A diferenza dos dous cursos precedentes, nos cales o PDI viu reducir os seus efectivos (de 29 docentes en 2019/2020 pasouse a 26 en 2020/2021), só en parte semella que cambiou esta tendencia, situándose en 32 en 2021/2022, pero con certos matices que non debemos pasar por alto. Este estivo composto por unha catedrática, nove titulares (recupérase pois o número das titularidades de 2019/2020), dúas contratadas doutoras, dous axudantes doutores, catro asociados<sup>6</sup>, un contratado/a predoutoral Xunta, nove contratados/as interinos (tres máis que en 2020/2021), un investigador distinguido, un postdoutoral da Xunta de Galicia, un investigador doutor e unha axuda predoutoral da Xunta de Galicia. Como se pode comprobar, realmente este crecemento foi parello ao aumento do número de profesorado contratado interino e de novas figuras contractuais vinculadas ás labores de investigación (a través de bolsas e programas de captación de talento), pero agás o investigador distinguido vinculado ao programa Ramón y Cajal, estamos a nos referir a prazas non consolidables. Un curso máis, agardamos poder cambiar esta tendencia no vindeiro curso 2022/2023, sabedores de que a incorporación de novo profesorado non depende de nós, e que o limitado número de PDI fixo trae aparellada inevitablemente unha sobrecarga do traballo de xestión por parte deste colectivo que integra a comunidade.

Gráfico 9. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia (n.º)



As novas prazas de PDI influíron positivamente na evolución do total de sexenios e quinquenios acumulados polos seus integrantes durante o triénio de referencia (Gráfico 9). Así, mentres que cambia a tendencia negativa no número de quinquenios, debido ao efecto negativo que tiveron as xubilacións en 2018/2019 e 2019/2020, cun mínimo situado en 2020/2021, constándose un lixeiro crecemento en 2021/2022 que, con todo, segue a ser inferior a 2019/2020. Pola súa banda, o número de sexenios volve a aumentar logo do seu estancamiento en 2019/2020 e 2020/2021<sup>7</sup>. De novo percíbese o contraste deste baixo resultado co valor acadado polo rexistro I03-PE, no que se miden os Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios). Tamén en 2021/2022, o 91,67% acadado representa o máximo valor no triénio contemplado, superando por segundo


<sup>6</sup> Unha vez máis, queremos deixar constancia da manifesta disponibilidade do noso profesorado asociado cuxos esforzos soen exceder as funcións intrínsecas a dita figura contractual do PDI, asumiendo a tutorización de TFGs e prácticas.

<sup>7</sup> Debemos aclarar que no IRD do curso 2020/2021 incluíuse por erro na gráfica correspondente referida a este mesmo dato o número de PDI con sexenios recoñecidos en lugar dos sexenios, polo que en tal documento figura como cifra 15 e non 26.

curso consecutivo en case once puntos a meta fixada (80%). Porén, o dato non ten en conta ao total de 32 membros do PDI que impartiron docencia no curso 2021/2022, senón só aos 14 que estiveron en condicións de acceder ao recoñecemento académico da súa actividade investigadora, incluídos os Profesores Axudantes Doutores, para os cales a Universidade de Vigo sacou unha convocatoria especial para o dito recoñecemento.

O PAS do Centro seguiu a estar composto polos bedeis da conserxería do Edificio Facultades, a secretaría administrativa de alumnado, a secretaría do decanato e o persoal da área de apoio a centros e decanato. A labor que desenvolveron os seus integrantes foi a correspondente a un curso normal no que a docencia presencial se desenvolveu de xeito totalmente regular, coas condicións sanitarias xa sinaladas de que todos/as os/as usuarios/as deberon empregar a máscara sanitaria dentro das instalacións da facultade e de que as aulas debían estar permanentemente ventiladas. Sendo como de feito foi decisiva a súa implicación en ambas as dúas medidas, xa que en conserxería houbo un remanente de máscaras que o persoal deste posto debía facilitar en caso de necesidade, votouse en falta unha maior implicación súa no que atinxería especificamente á ventilación das aulas, que dependeu en exclusiva do profesorado e do alumnado. Neste senso, debemos comentar que o profesorado viuse obrigado a asumir esta tarefa que realmente non lle correspondía.

Gráfico 11. Participación do PAS vinculado á Facultade de Historia en cursos de formación (%)



Do mesmo xeito que en 2020/2021, un curso académico máis continuou a tendencia cara a unha redución considerable na súa participación en accións formativas respecto a 2018/2019 e 2019/2020 (Gráfico 11). Así que se tal como sostíñamos no anterior IRD era moi probable que a devandita porcentaxe se volvese a situarse en 2021/2022 en valores próximos a estes outros dous cursos, é evidente que non se conseguiu cambiar a dita tendencia, e mesmo se chegou a situar na metade do valor acadado en 2019/2020.

No que respecta ao valor acadado nas enquisas de satisfacción en relación con este sector da comunidade do noso Centro, debemos comentar que se constata unha caída de moita consideración en relación cos cursos precedentes, pasando no caso do Grao de valoracións porriba do 4 sobre 5, a situarse nun cativo 2,29 moi afastado do valor da mediana (3) en 2021/2022. Esta caída na valoración deste ítem tamén é aplicable ao alumnado do PCEO, quen, como xa se sinalou en IRD anteriores, depende administrativamente da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo deste mesmo campus universitario. Porén, no seu caso, a caída non é de tanta consideración, representando máis ben un retroceso sobre o avance logrado en 2020/2021, xa que en 2021/2022 se volveu ao valor case que idéntico de 2019/2020: 2,5 (Gráficos 12.a e 12.b). Nótese ademais que tamén neste

ítem é superior a valoración que fai este segundo sector do noso alumnado, polo que non engadiremos moito máis en relación con dito valor diferencial ao xa argumentado nos criterios precedentes.

Finalizaremos este criterio co exame do valor derivado do grao de satisfacción do alumnado co labor docente do profesorado. Este permite extraer tres conclusóns que coidamos inciden positivamente no labor desenvolvido por este sector da comunidade do Centro. A primeira é que, malia a presentar de novo unha baixada entre o alumnado do Grao, esta é bastante máis suave que nos ítems dos criterios precedentes xa analizados, ao se situar dita caída en pouco máis dun cuarto de punto. A segunda é que, no caso do alumnado do PCEO, esta variable gaña unha centésima, permitindo situala ao mesmo nivel que no curso precedente. Neste senso, tal como se pode apreciar visualmente nos Gráficos 12.a e 12.b, os valores correspondentes ao trienio de referencia permiten apreciar unha tendencia ao mantemento de cifras moi próximas ao 4 sobre 5, o cal consideramos de xeito positivo. E en terceiro lugar, ambos os dous sectores do noso alumnado valoran cunha cifra idéntica este ítem en concreto en 2021/2022, cun 3,98, sendo este un dos dous de todos os contemplados no presente IRD en que se produce unha converxencia absoluta dos seus respectivos valores. Sendo obviamente mellorable, cremos que o dato desta coincidencia da satisfacción do alumnado do Grao e do PCEO coa labor docente do profesorado debe ser valorada de xeito positivo, e nos anima a seguir neste liña, xa que, como temos sinalado, ambos sectores comparten as mesmas materias.

Gráfico 12.a. Satisfacción do alumnado co criterio 4. Recursos humanos (Grao)





Gráfico 12.b. Satisfacción do alumnado co criterio 4. Recursos humanos (PCEO)



Así mesmo, só faremos referencia aos resultados procedentes das enquisas cumplimentadas polas persoas tituladas, tendo en conta o inconveniente xa sinalado en relación coa baixa participación nas mesmas. Neste criterio acádase un 4. Non entraremos a realizar ningunha valoración complementaria posto que se trata dun único suxeito.

#### Puntos febles detectados:

- Persiste o problema de envellecemento da planta de PDI
- Persiste a problemática derivada de ter que acudir ao profesorado de lista de agarda: en lugar de tratarse dunha necesidade puntual, tense convertida nunha situación estrutural; non hai continuidade nel; deben compartir materias por necesidade de axustes de horas
- Unha baixada de consideración na satisfacción do alumnado co PAS

#### Accións de mellora a implantar:

- Reiterar ao vicerreitorado a persistencia da problemática relacionada co envellecemento do PDI e a necesidade de buscar vías de solución a corto prazo
- Mellorar a planificación das Áreas, asignando un docente estable responsable de coordinarse con este profesorado
- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titulares fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que causa/s se debe dita baixa valoración deste ítem, para co conhecemento da/s mesma/s aplicar as melloras que proceda

#### Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve  
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)  
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

#### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da

Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquistas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS.**

### **Valoración xenérica**

Tanto os recursos materiais coma os servizos de que se dispón para o desenvolvemento correcto da titulación son os axeitados en función da súa natureza, a súa modalidade, o número de alumnado matriculado e competencias que os/as discentes deben adquirir a través do seguimento do seu programa formativo.

### **Reflexión/Xustificación:**

Como xa se sinalou, a docencia impartiuse de xeito totalmente presencial durante o curso 2021/2022, xa sen o sistema de quendas vixente no precedente 2020/2021. Tamén comentamos que foi preciso o uso da máscara sanitaria por parte de todos/as os/as usuarios/as nas diferentes instalacións universitarias do campus, incluídas as do noso Centro, e de que, a diferenza do referido curso precedente, no que fora preciso manter ventiladas as aulas polo menos dez minutos entre unha clase e outra, coas súas portas e ventás abertas, período durante o cal debían permanecer baleiras, neste que nos ocupa recomendouse a ventilación permanente dos ditos espazos. Así mesmo, fixose un novo reparto das aulas por cada grupo-nivel con vistas a optimizar do mellor xeito posible o seu tamaño, manténdose únicamente o cambio que se fixera para o alumnado do curso primeiro con motivo da posta en funcionamiento do referido sistema de quendas precedente, posto que a nova aula segue a ser máis axeitada para un número certamente considerable que mesmo ten obrigado a dividir o estudiantado nalgúnsas materias en tres grupos de prácticas. Polo tanto, as actividades docentes do curso 1.<sup>º</sup> continuaron impartíndose na aula 0.9, as de 2.<sup>º</sup> desenvolvéreronse na aula 0.5, as de 3.<sup>º</sup> na aula 0.7 (trátase do único curso-nivel que non experimentou cambios motivados polo sistema de quendas precedente) e as de 4.<sup>º</sup> na aula 0.6. O desenvolvemento da docencia presencial coa mencionada ventilación permanente das aulas, trouxo consigo temperaturas baixas en todas estas facéndose áinda máis manifesto o problema xeotérmico do Edificio Facultades, o cal se deixá sentir particularmente en condicións regulares na aula 0.7<sup>8</sup>. Así que, por segundo curso consecutivo, quixeramos recoñecer a excelente disposición que tiveron en todo momento os membros da nosa comunidade para afrontar esta situación, máxime se temos en conta que estas baixas temperaturas non son compatibles coa comodidade mínima que se precisa

<sup>8</sup>

É importante subliñar que a aula 0.7 é a que se emprega para a docencia do 3.<sup>º</sup> curso da titulación; así que é bastante probable que a incomodidade desta aula tamén teña influído en parte nos resultados das enquistas de satisfacción que debe cumplimentar o alumnado de dito curso-nivel; e dicimos que só en parte, porque os problemas asociados a esta aula están presentes en todos os IRD que se teñen redactado ata o presente.

para un óptimo aproveitamento das clases. A isto débese engadir o que consideramos un punto feble relacionado coa calefacción do edificio. Referímonos ao feito de que ao estar centralizada, a ventilación continuada das aulas tamén representou un gasto enerxético notable difícil de mitigar cando esta non se pode apagar. Agardamos que as obras relacionadas co proxecto de xeotermía previstas para este inmoble, como así mesmo a progresiva mellora nas condicións sanitarias, axuden a mellorar este aspecto de cara ao vindeiro curso.

Outra cuestión a comentar en relación co regreso á docencia totalmente presencial, logo de abandonar o sistema de quendas vixente no curso precedente, é que se continuaron utilizando as aulas habilitadas hai dous cursos no Campus remoto da UVigo para impartir a docencia de xeito síncrono, tanto para as exposicións teóricas como para as actividades prácticas. Trátase dunha opción que o profesorado puido elixir libremente, e mesmo gravalas para que puidesen ser seguidas asincronamente, sen que se tomase ningunha decisión neste sentido por parte do equipo directivo do Centro. A experiencia acumulada en cursos pasados contribuíu ao normal desenvolvemento desta iniciativa, pero tamén xerou un debate que é posible que se vexa incrementado en cursos vindeiros en torno ao emprego destas aulas virtuais non axeitadamente por parte do alumnado presencial, contribuíndo con iso a fomentar o aumento do seu absentismo das aulas. Iso si, coidamos que é recomendable non perder de vista que a propia UVigo ten apostado neste curso que nos ocupa no presente IRD pola presencialidade total, en lugar do sistema de quendas combinado coa docencia síncrona tal como aconteceu en 2020/2021. A maiores, téñase en conta o feito de que o alumnado puido volver a utilizar regularmente a biblioteca, claro está, facendo uso da obrigatoria máscara sanitaria; e que igualmente puido realizar as súas prácticas naquelas empresas e institucións coas que o Centro ten asinados os correspondentes convenios para tal fin, dun xeito semellante á etapa pre-pandémica.

Gráfico 13.a Satisfacción do alumnado co criterio 5. Recursos materiais e servizos (Grao)





Gráfico 13.b. Satisfacción do alumnado co criterio 5. Recursos materiais e servizos (PCEO)



Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre este criterio están en sintonía coa tendencia xa descrita nos apartados precedentes, se ben neste caso hai algúin resultado que consideramos totalmente incoherente e de moi difícil explicación (Gráficos 13.a e 13.b). Para comenzar, en relación co alumnado do Grao, a subida dos valores que de xeito xeneralizado se produciron en 2020/2021 son seguidos agora, en 2021/2022, cunha caída de grande consideración que os sitúa por debaixo dos de 2019/2020 e que só nun caso se sitúan por riba do valor da mediana. Referímonos ao ítem que recolle a satisfacción sobre os espazos de traballo autónomo, que, noutra orde de cousas, é o mellor valorado no triénio contemplado e en parte se relaciona cunha biblioteca universitaria do campus moi ben valorada por parte dos/as seus/súas usuarios/as. Realmente é o único ítem que se salva da gran caída que deixa ao resto por debaixo da mediana, superando por pouco o valor da media aritmética no caso das aulas, equipamentos e laboratorios, explicable en parte polas incomodidades derivadas do frío que toda a comunidade –incluído o PDI– tivo que padecer; pero que inexplicablemente sitúa por debaixo desta segunda o valor acadado pola plataforma de teledocencia e as ferramentas multimedia. Non deixa de ser en certo sentido incoherente que o alumnado do Grao teña dado a peor valoración a este ítem concreto deste criterio, cando o profesorado optou maioritariamente pola docencia síncrona; pero tamén somos sabedores/as de que os números non sempre serven para explicalo todo. Abonda simplemente con que ollemos os datos que temos o alumnado que cursou o PCEO. A coincidencia na tendencia á caída é evidente para tres dos catro ítems contemplados. Pero con matices: aquí dous deles superan o valor da mediana e todos o da media aritmética; de novo percibimos unha nova coincidencia entre ambos os dous sectores do noso estudantado, xa que tamén aquí os espazos de traballo autónomo acadan o mesmo nivel de satisfacción que no Grao (cun 3,33); pero a diferenza destes, o ítem mellor valorado é o referido precisamente á plataforma de teledocencia e as ferramentas multimedia, que non só non diminúe, senón que chega a situarse nun 4,67 sobre 5, tratándose do valor máis elevado de todos os ítems comprendidos nas enquisas de satisfacción cumplimentadas polo noso alumnado no curso 2021/2022. Está claro que resultados tan diferentes agochan visións non menos diferentes, polo que a diverxencia entre ambos os dous sectores xa comentada reiteradamente en anteriores IRD continúa a persistir; e que non deixa de ser, cando menos curioso, que un alumnado cunha carga de traballo maior, como de feito o é o do PCEO, posto que debe combinar os programas formativos de dúas titulacións dun xeito simultáneo, tenda

a valorar mellor todo o relacionado cunha docencia común, que os/as seus/súas compañeiros/as do Grao, os cales teñen obxectivamente menos carga de traballo. En definitiva, os valores procedentes das enquisas de satisfacción só permiten detectar parte de certas cuestións nas que se ve inmersa a comunidade do Centro ao longo do curso académico, pero dun xeito illado só contribúen en ocasións a xerar perplexidade, como de feito sucede con este ítem en concreto.

Pola súa banda, o valor conxunto que lle deu a este criterio a única persoa egresada que cumplimentou as enquisas de satisfacción en 2021/2022 é de 3,67. Como xa sinalamos en apartados precedentes, non podemos considerar dita cifra representativa por tratarse dunha única persoa. Só a título informativo, diremos que se sitúa cinco décimas e media por debaixo do resultado de 2020/2021 e seis décimas por riba do de 2019/2020. Ao nos entender, si é importante ter en conta que dos sete criterios contemplados este é o segundo máis baixo xusto por detrás da organización e desenvolvemento do programa formativo.

<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Persistencia do desaxuste entre a percepción que ten o alumnado que cursa o PCEO e o que cursa o Grao, tratándose do mesmo programa formativo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titulares fixadas no PAT, como tamén ás reunións periódicas co decano</li> </ul>
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>	
E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT	
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.	
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título	
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia	
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos	
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	
I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.	
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

### Valoración Xenérica

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coerentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

### Reflexión/Xustificación:

Na Táboa 5 pódense ver de xeito conxunto os resultados relativos ás tres taxas de éxito, rendemento e avaliación de todas as materias do Grao en Xeografía e Historia, que tamén cursan os/as estudiantes matriculados no PCEO. Neste criterio, analizaremos só os resultados referidos ás de éxito e a avaliación, para nos ocupar da taxa de rendemento no seguinte criterio.

Táboa 5. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia do Grao (en %)

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
G251101 Xeografía: Fundamentos de xeografía física	95,24	76,92	80,77
G251102 Historia: Introdución á etnoloxía	95,92	87,04	90,74
G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	60,00	48,98	81,63
G251104 Idioma moderno: Inglés para humanidades	92,68	77,55	83,67
G251105 Historia de América precolombina e colonial	74,07	57,97	78,26
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	94,74	77,14	81,43
G251202 Historia: Introdución á historiografía	97,22	62,50	64,29
G251203 Arte: Arte clásica	81,08	63,83	78,72
G251204 Teoría e método da arqueoloxía	90,00	69,23	76,92
G251205 Prehistoria universal	81,08	61,22	75,51
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	83,67	75,93	90,74
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades	91,11	70,69	77,59
G251303 Historia antiga universal	91,67	81,48	88,89
G251304 Historia medieval universal	82,50	70,21	85,11
G251305 Paleografía	71,70	54,29	75,71
G251401 Historia: Metodoloxía da historia	71,74	51,56	71,88
G251402 Historia moderna universal	77,08	60,66	78,69
G251403 Historia contemporánea universal	100,00	78,85	78,85
G251404 Historia da arte medieval	92,31	75,00	81,25
G251405 Arqueoloxía aplicada	97,87	86,79	88,68
G251501 Historia antiga da Península Ibérica	93,94	88,57	94,29
G251502 Historia da arte moderna	72,41	48,84	67,44
G251503 Historia medieval da Península Ibérica	90,91	85,71	94,29
G251504 Prehistoria da Península Ibérica	81,82	69,23	84,62
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	53,33	28,07	52,63
G251601 Historia contemporánea de España	73,33	52,38	71,43
G251602 Historia da arte contemporánea	97,30	83,72	86,05
G251603 Historia moderna de España	72,73	51,06	70,21
G251604 Mundo actual	88,00	68,75	78,13
G251605 Sistemas de representación xeográfica	76,32	64,44	84,44
G251901 Historia de América contemporánea	100,00	72,22	72,22
G251904 Historia das relixións	94,44	62,96	66,67
G251905 Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	100,00	73,33	73,33
G251906 Historia da arte de Galicia	100,00	78,57	78,57
G251907 Historia medieval de Galicia	95,00	86,36	90,91
G251908 Xeografía de Galicia	100,00	70,00	70,00
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social	100,00	79,17	79,17
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100,00	76,92	76,92
G251912 Historia moderna de Galicia	100,00	41,67	41,67
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	92,31	63,16	68,42
G251981 Prácticas externas	100,00	89,66	89,66
G251991 Traballo de Fin de Grao	100,00	44,90	44,90

Comezando pola taxa de éxito, durante o curso 2021/2022 só o 23,8% de todas as materias acada o 100%. Polo tanto, non só continúa a baixada xa constatada o curso pasado, senón que o diferencial respecto deste incrementouse en case que dez puntos: se en 2020/2021 situouse en 32,56%, baixando case seis puntos respecto do 38,09% de 2019/2020, agora descende áinda máis ata se situar na referida porcentaxe; co dato engadido de que, salvo unha delas, as nove restantes se sitúan no 4.º curso, tratándose polo tanto de materias optativas. Non se pode agochar que se trata dun dato realmente malo. En compensación, medran preto de cinco puntos porcentuais as materias que acadan unha taxa de éxito que se sitúa entre o 90 e o 99,99%: do 33,88% de 2019/2020 pasouse ao 32,56% en 2020/2021 e, agora, ao 38,1% en 2021/2022. En xeral, o conxunto de todas as materias cunha taxa de éxito entre o 90 e o 100% só baixa catro puntos respecto de 2020/2021, pero é evidente que se produciu un descenso no número das mesmas coas taxas de éxito más elevadas. De feito, o 14,3% teñen unha taxa de éxito que oscila entre o 80 e o 89,99% (cun 0% en 2020/2021), e triplicanse aquelas que se sitúan entre o 70 e o 79,99% (cun 16,6% en 2021/2022 fronte ao 4,65% de 2020/2021)<sup>9</sup>. É bastante probable que esteamos asistindo claramente a unha baixada obxectiva do nivel académico do noso estudiantado, unha hipótese que se ve referendada se temos en conta a evolución desta taxa no trienio contemplado (véxase Gráfico 16 no Criterio 7): se primeiro se pasou do 92% de 2019/2020 ao 91% de 2020/2021, agora o descenso áinda é maior para se situar no 87% en 2021/2022, e nos afasta notablemente do 93% que fixamos como meta. Só os vindeiros informes poderán confirmar se realmente se trata ou non deste descenso do seu nivel que os datos que manexamos parecen suxerir, e que recoñecemos sinceramente que se trata dun dato que nos preocupa moito.

O valor que presenta a taxa de avaliación está en sintonía coa evolución que presenta a taxa de éxito, cunha caída moi semellante. Neste caso, logo de se situar en dous cursos consecutivos en 84% (2019/2020 e 2020/2021), descendeu seis puntos para se situar agora en 78% en 2021/2022. Entrando ao detalle, son evidentes os indicios que apuntan cara o mencionado descenso académico en relación cos cursos precedentes. Para empezar, neste que os ocupa en ningunha das materias cursadas polo alumnado do Grao se acada unha taxa de avaliación do 100%, fronte ao 6,75% de 2020/2021 e o 16,6% de 2019/2020. A isto debemos engadirlle que aquelas outras con taxas de avaliación que oscilan entre o 90 e o 99,99% se localizan no nivel máis baixo do trienio contemplado, cun 11,9% moi inferior ao 27,9% de 2020/2021 e lixeiramente inferior ao 16,6% de 2019/2020. Quizá resulte áinda más preocupante o feito de que só unha das únicas cinco materias do programa formativo cuxa taxa de avaliación supera o 90%, se trate dunha materia optativa de 4.º curso. Engádaselle que, a maiores, tamén segue diminuíndo por terceiro curso consecutivo o número de materias cunha taxa de avaliación que se move entre o 80 e o 89,99%: se en 2019/2020 se situara en 47,6% e en 2020/2021 en 34,88%, agora baixa outros seis puntos porcentuais ata o 28,6% en 2021/2022. A face inversa destes datos a temos no aumento considerable das materias con taxa de avaliación entre o 70 e o 79,99%: se do 16,6% de 2019/2020 estas medraron dous puntos para acadar o 18,6% en 2020/2021, case que se chega a triplicar o primeiros destes dous valores, cun 42,8% en 2021/2022. É aquí onde se concentran a meirande parte das materias. Trátase, en definitiva, dun mal resultado que ven consolidar a tendencia que xa indicamos no IRD de 2020/2021 e que, contrariamente ás nosas expectativas, non conseguimos mellorar en 2021/2022. De feito, a realidade dos datos máis ben parece suxerir que se produciu un empeoramento obxectivo que se ve referendado pola evolución das materias con taxa de avaliación inferior ao 70%. As que se sitúan entre 60 e 69,99%, medran dende o 6,97% en 2020/2021 ao 9,5% en 2021/2022; no tramo de entre o 50 e o 59,99% permanecen case idénticas cun 2,4% en 2021/2022 fronte 2,32% en 2020/2021; e tamén medran as de entre o 40 e o 49,99%, ao pasar do 2,32% en 2020/2021 ao 4,7% en 2021/2022. Mírese como se mire, o resultado deste taxa

<sup>9</sup> Pola súa banda, a taxa de éxito sitúase nun 2,32 % nos dous tramos que van, respectivamente, do 60 e ao 69,99% (xunto a metade do 4,65% de 2020/2021) e do 50 ao 59,99% (porcentaxe idéntica á acada en 2020/2021).

é malo e áinda é peor a súa división por tramos. Coidamos que se trata dun resultado nada satisfactorio, o cal nos vai obrigar necesariamente a incrementar os nosos esforzos para poder lograr cambiar esta tendencia.

Por vez primeira dende que vimos elaborando os IRD cada curso, o TFG non presenta a taxa de avaliación máis baixa do total, senón inexplicablemente unha materia optativa do 4.º curso, o cal cadra co xa argumentado no parágrafo anterior: nin sequera as materias deste curso-nivel se libran da baixada obxectiva do nivel académico do noso estudiantado do Grao. Si debemos salientar en relación co TFG, que a súa taxa de avaliación segue a se manter nun nivel moi próximo ao do curso precedente, xa que se naquel se situou en 43,59%, neste que nos ocupa gaña algo máis dun punto (Táboa 6.a). O resultado segue sendo pouco satisfactorio, sobre todo se temos en conta que os 49 TFGs matriculados en 2021/2022 marcaron un dos picos da serie histórica destes. De novo se volveron a matricular máis traballos que no curso precedente, pero, tamén de novo, non se conseguiu que se defendese polo menos a metade dos mesmos. Un curso máis, debemos recoñecer que nin a posta en funcionamento dos tribunais unipersonais no curso 2019/2020, nin tampouco a ampliación do número das convocatorias en 2020/2021, tiveron o efecto esperado. A diferenza do curso precedente, no que utilizamos como argumento explicativo a posibilidade de que o contexto da nova normalidade tamén tivese influído na porcentaxe de TFGs daquela defendidos, é evidente que neste xa non é aplicable. Reiteramos que seguimos pensando que a taxa de avaliación desta materia debe ser mellorada, pero tamén debemos recoñecer que se trata dun obxectivo de moi difícil consecución a curto prazo, máxime á vista da evolución á baixa que presentan as taxas de éxito e avaliación de todas as materias da titulación.

Táboa 6.a. TFG no Grao matriculados e defendidos

CURSO ACADÉMICO	TFG MATRICULADOS		TFG DEFENDIDOS	
	nº	nº	nº	%
2019/2020	30	16	16	53,33
2020/2021	39	17	17	43,59
2021/2022	49	22	22	44,90
<b>TOTAL</b>	<b>118</b>	<b>55</b>	<b>55</b>	<b>46,61</b>

Do que tampouco cabe dúbida é de que as cualificacións obtidas polo noso alumnado nesta materia tamén tenden a diminuir (Táboa 6.b). Sendo satisfactorias en termos xerais, non debemos deixar pasar por alto que se tanto en 2019/2020 coma en 2020/2021 os TFGs cualificados con máis dun sobresaínte representaron máis da metade do total defendidos, en 2021/2022 supoñen xusto a metade do total. Velaí un novo indicio obxectivo da referida baixada do nivel académico do noso estudiantado.


Táboa 6.b Cualificacións do TFG no Grao

CURSO ACADÉMICO	CUALIFICACIÓNES				TFG TOTAIS
	MH	Sobresaínte	Notable	Aprobado	
2019/2020	1	8	6	1	16
2020/2021	1	9	4	3	17
2021/2022	3	8	9	2	22
<b>Total</b>				<b>55</b>	

Como era de esperar, a lixeira subida que experimenta a taxa de avaliación da materia TFG, ao pasar do 43,79% en 2020/2021 ao 44,9 en 2021/2022, tivo o seu efecto positivo nun lixeiro aumento da taxa de gradación, permitindo mudar a tendencia descendente que se ven arrastrando dende hai dous cursos: se xa en 2019/2020 se producira un descenso fronte a 2018/2019, pasando do 42,42% ao 33,24%, que se habería de prolongar ata

2020/2021 ata se situar no 27,27%; en 2021/2022 fréase a dita caída e mesmo se recuperan case catro puntos, ata chegar ao 31,48% (Gráfico 14).

Gráfico 14. Taxa de gradación no Grao en Xeografía e Historia (en %)



Porén, os once puntos que áinda deben ser recuperados respecto a 2018/2019 implica que, na práctica, o resultado acadado se sitúa preto de vinte puntos por debaixo da meta proposta para este curso, que é do 50%. De novo, debemos recoñecer que nos atopamos diante doutro mal resultado, posto que só unha parte reducida da promoción que lle corresponde graduarse en 2021/2022 é capaz de logralo en tempo e forma<sup>10</sup>. Así que, na práctica, se segue a manter a tendencia xa evidenciada en 2020/2021 cando o resultado acadado por esta taxa se vira claramente influenciado pola situación derivada da nova realidade post-COVID, co agravante de que neste curso que nos ocupa o estudantado xa puido fazer uso de xeito regular das instalacións da biblioteca universitaria sen as restricións do precedente. A problemática é certamente complexa, sobre todo se temos en conta que unha parte do alumnado matriculado na materia de TFG está integrada por estudiantes repetidores/as, o cal, no caso de superar esta materia computa positivamente na taxa de gradación da promoción á que pertence pero non no curso académico no que logra aprobala. As cifras son suficientemente elocuentes por si mesmas neste mesmo sentido. A promoción do noso alumnado que se matriculou en 4.º curso do Grao en 2021/2022 iniciou os seus estudos universitarios en 2018/2019, cun total de 40 suxeitos dos que algo menos da quinta parte (19,57%) se acolleu á modalidade semipresencial, e cunha nota media de acceso de 7,12 superior á dos dous cursos precedentes. Pois ben, parte deles rexistraron ese mesmo curso académico en tempo e forma o seu TFG, incorporándoo ao listado que todos os cursos elabora e publica a Comisión de TFG do Centro. Pero xunto a estes/as, tamén se incorporaron a dito listado outros 20 máis procedentes de alumnado repetidor, que na práctica representou o 38,46% do total<sup>11</sup>. Se finalmente só se defenderon 22 traballos deses 52 posibles totais, iso significa que só unha parte deste alumnado, que, por certo, non sempre acaba por se matricular na dita materia, logrou graduarse logo de realizar a defensa do seu TFG diante do correspondente tribunal unipersonal; dentro dos cales se atopan tanto aqueles/as da promoción que lle correspondeu matricularse en tempo e forma, coma aqueles/as outros/as que proceden de promocións anteriores. Así, por unha banda, existe un desaxuste que poderíamos cualificar en toda regra de administrativo que

<sup>10</sup> Téñase en conta, ademais, que o 25 % do alumnado de primeira matrícula que comezou a cursar o Grao en 2018/2019 abandonou en anos académicos sucesivos dita titulación, rebaixando os/as 40 iniciais a 30. Dentro destes últimos atopáñase parte dos 22 que matricularon e defenderon o seu TFG en 2021/2022.

<sup>11</sup> Datos achegados pola Comisión de TFG da Facultade de Historia.

sempre computa negativamente na evolución da taxa de gradación; pero así mesmo, por outra banda, tamén é evidente que unha parte do noso alumnado que se matricula nesta materia como condición *sine qua non* para se poder graduar (xa sen contar, claro está, o número de estudiantes áinda maior que solicita que se lle incorpore o seu TFG ao devandito listado), o fai sen ser realmente consciente do que implica elaboralo e defendelo en tempo e forma. No primeiro de ambos os dous factores está claro que non podemos intervir e, en relación co segundo, se lles informa puntual e debidamente por parte da coordinación do TFG dos prazos da súa tramitación e das novedades que poden xurdir en cada novo ano académico.

O dato referido á duración media dos estudos para 2021/2022 non fai senón confirmar a nosa hipótese e, así mesmo, vai na liña de que é moi probable que esteamos diante da comentada baixada de nivel académico do noso estudiantado. De feito, esta sitúase en 4,94, isto é, próxima aos cinco anos, cando o programa formativo está contemplado para o seu desenvolvemento en catro. Se temos en conta que a última cifra que temos de referencia é a da duración media correspondente a 2019/2020, onde se situou en 4,51, é evidente que o dato relativo a esta variable empeorou, sen que se logre acadar a meta fixada en 4,5.

Do mesmo xeito que fixemos cos cinco criterios precedentes, reflexionaremos en último lugar sobre os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción. Neste caso, os dous colectivos contemplados (tanto no Grao coma no PCEO) tenden a coincidir nunha mala valoración dos resultados da aprendizaxe (Gráficos 15.a e 15.b). No caso do Grao, a baixada por terceiro curso consecutivo sitúanos non só por debaixo do valor da mediana, senón que non se chega en ningún dos dous ítems ao 2,5 (satisfacción coa formación adquirida e satisfacción co cumplimento das expectativas formativas); e no PCEO, logo do ascenso que se produciu en 2020/2021, pero sen superar os valores do alumnado do Grao, se asiste a unha caída pronunciada en ambos os dous ítems que os sitúa mesmo por debaixo dos resultados de 2019/2020. Constátase, iso si, unha nova converxencia na valoración que fan da formación adquirida, pois coinciden nun 2,33 común. Consideramos este valor acadado polo dito ítem como nada satisfactorio, ánda que a coincidencia pon de manifesto que a converxencia é posible, máxime neste ítem de tanto relevo en relación co programa formativo da titulación. Agora ben, é moi probable que responda a motivos diferentes. Polo de pronto, no caso do PCEO non nos podemos esquecer das dificultades intrínsecas á dobre titulación, que atinxen á sobrecarga de traballo por parte do estudiantado matriculado, uns horarios complexos de cadrar entre dous centros universitarios distintos ou un calendario de probas de avaliación non menos complexo, que claramente poden influír na súa valoración sobre a formación adquirida no noso Centro. Isto non sucede co alumnado do Grao, así que é posible que neste caso nos atopemos diante dunha nova evidencia da xa comentada baixada xeral nos resultados das enquisas de satisfacción, os cales deben ser postos en relación coa promoción concreta á que especificamente lle correspondeu cumprimentalas. En todo caso, non deixa de resultar chamativo que o outro ítem no que coinciden ambos os dous colectivos, e que ademais é o que acada o nivel máis elevado, sexa o da satisfacción do alumnado co labor docente do profesorado, tal como comprobamos no Criterio 4. E realizamos esta reflexión conscientes de que non debemos esquecer que o PDI (reiteramos: en ambos os dous casos o ítem mellor valorado nas enquisas de satisfacción) é o axente transmisor dos coñecementos académicos que se adquieren na titulación e que ademais guía ao alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe para que poda adquirir a formación do programa formativo. Tal incoherencia no valor alcanzado por estes dous ítems nos cales constatamos unha converxencia obxectiva entre ambos os dous sectores do noso estudiantado, non fai senón confirmar ao noso entender que debamos ter en conta polo de pronto dúas hipóteses: ou ben que esos valores numéricos coincidentes poden ser perfectamente froito do azar, ou ben que esos mesmos valores numéricos por si sos non serven para medir ou calibrar na súa xusta medida o grao e satisfacción das persoas usuarias con todas e cada unha das cuestións que se formulan nas enquisas de satisfacción, neste caso: o colectivo do estudiantado. Con isto non queremos cuestionar a metodoloxía que subxace no deseño das mesmas, pero si sinalar que, coma tal enquisa, os valores obtidos finalmente a través dunha mostra concreta (neste caso, por engadido, moi reducida) de suxeitos deben ser tomados sempre con moita cautela, e máxime á hora de cualificar numericamente ítems que,

como é o caso destes dous, poden ter implícita unha notable carga subxectiva. E esta reflexión nos leva directamente a unha terceira hipótese: tamén é posible que os/as enquisados/as emitan a súa valoración desde o parcial coñecemento, pero mesmo tamén podería ser desde o descoñecemento, daquilo polo cal se lles pregunta. Pénsese, por exemplo, en ¿como é posible emitir unha valoración numérica desde o descoñecemento sobre os contidos, obxectivos de aprendizaxe, habilidades e destrezas a desenvolver incluídos no programa formativo que figuran na memoria da titulación, se previamente non se leu a descripción básica que dos mesmos figura na web da facultade? Ou en ¿como é posible emitir unha valoración numérica sen coñecer nin revisar as guías docentes das materias nas que, por certo, se indica cal é a formación que se vai transmitir a través do proceso de ensinanza-aprendizaxe? Ou en ¿como é posible emitir unha valoración numérica sobre a formación adquirida nunha titulación da ensinanza superior sen implicarse no desenvolvemento académico cotiá do Centro na que esta se imparte? Son cuestións que, cremos, si contribuirían (ou deberían contribuír) a calibrar mellor uns resultados numéricos que, insistimos, son froito dun importante compoñente subxectivo que non deberíamos desprezar en ningunha reflexión que pretenda ser minimamente seria. Por suposto, facemos extensible este noso razonamento ao ítem que contempla o cumprimento das expectativas formativas do alumnado onde a caída da súa valoración é ainda moito maior en ambos os dous colectivos.

Claro está, somos conscientes de que nos atopamos diante de resultados que non nos parecen nada satisfactorios, ao contrario, e que o noso próximo obxectivo a este respecto consiste en intentar mellorar este dato de cara aos vindeiros cursos, á marxe das nosas limitadas posibilidades de actuación e/ou intervención en cuestións que teñen un importante compoñente subxectivo que, obviamente, nin podemos nin estamos en condicións de controlar.

Gráfico 15.a. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultado de aprendizaxe (Grao)





Gráfico 15.a. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultado de aprendizaxe (PCEO)



O último dato de que dispomos é o procedente das enquisas de satisfacción cumplimentadas polas persoas tituladas. Non imos insistir en que só un/unha ex-alumno/a cumplimentou e que, por tal motivo, non podemos facer máis que constatar a súa valoración numérica sen máis deste mesmo ítem. Trátase dun 4. Pero reiteramos, un único caso carece de representatividade.

#### Puntos febles detectados:

- Consolidación no descenso da taxa de éxito
- Consolidación no descenso da taxa de avaliación
- Mantemento da taxa de gradación en valores moi baixos
- Nivel de satisfacción do alumnado con este criterio moi baixo

#### Accións de mellora a implantar:

- Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT, para axudarles a axustar o tempo que dedican ás actividades académicas relacionadas co programa formativo (acción a aplicar nos dous primeiros puntos febles detectados neste Criterio 6)
- Reunión do coordinador do TFG co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes
- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe dita baixa valoración deste Criterio 6

#### Evidencias nas que se baseou la valoración:

- E4: Guías docentes das materias  
 E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)  
 E25: Informes de cualificación por materia  
 EA11: Informes de prácticas

#### Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción  
 I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## **CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO**

### **Valoración xenérica**

Un curso académico máis, os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos que son postos ao dispor do título, e satisfán en termos xerais as demandas sociais da súa contorna.


### **Reflexión/Xustificación**

Comezaremos por sinalar que, tal como se indicou no Criterio 1, por quinto curso consecutivo se logrou superar na matrícula do 1.º curso da titulación o número das prazas ofertadas, cun descenso respecto de 2020/2021 que a sitúa nun nivel parello ao acadado en 2019/2020. Reiteramos a nosa valoración positiva deste dato (Gráfico 1).

En segundo lugar, no que atinxo ás taxas de éxito, eficiencia e avaliación, das que xa analizamos polo miúdo os resultados referidos ás de éxito e avaliación no Criterio 6, nos centraremos agora tan só naqueles relativos á eficiencia. Tal como se pode apreciar no Gráfico 16, esta sitúase dez puntos por debaixo do valor de 2020/2021, e mesmo dous por debaixo do de 2019/2020. Está claro que tampouco podemos falar aquí de bons resultados, senón que se sitúan na liña de descenso xeneralizado da meirande parte dos indicadores que son obxecto de avaliación no presente documento. Téñase en coma que a nosa meta en relación con esta taxa estaba fixada en 90%, así que é obvio que este resultado tampouco nos satisfai, polo que debemos centrar os nosos esforzos en intentar mellorar este resultado en cursos vindeiros, pero sen perder de vista todos os obstáculos xa sinalados no Criterio 6 e moi especialmente en relación coa taxa de avaliación, posto que están moi relacionadas entre si.

Tampouco resulta nada satisfactorio o resultado que presenta a taxa de rendemento. Para empezar, por terceiro curso consecutivo, asistimos a unha caída visible do seu valor, pero co engadido de que xusto neste que nos ocupa a dita caída é de certa consideración. Así, se en 2020/2021 situarase en 77% e en 2021/2022 en 76% cun descenso dun só punto, en 2022/2023 a diminución chega a ser de ata seis puntos porcentuais en relación co curso precedente logo de se situar en 68%. Isto sitúanos xa bastante lonxe da súa meta, a cal foi fixada para o triénio de referencia en 78%, ao se afastar o seu resultado dez puntos porcentuais dela. Velaí un novo dato que ven a incidir na baixada do nivel académico do noso estudiantado reiteradamente sinalada.

Gráfico 16. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación (en %)



Unha rápida ollada á Táboa 7 permite rastrexar cales son algúns dos condicionantes que inflúen neste dato francamente malo. Tal como se pode comprobar, non hai ningunha materia da titulación cunha taxa de rendemento superior ao 90%, mentres que tanto en 2019/2020 coma en 2020/2021 si as houbo nos dous tramos do 100% e do 90 ao 99,99%, iso si, xa cunha clara tendencia ao seu descenso. A maiores, tamén diminúe de xeito importante aquelas que en cursos pasados acadaran unha taxa de rendemento entre o 80 e o 89%, que en 2021/2022 só acadan o 19% do total de materia fronte ao 44,18% de 2020/2021. Isto significa que, no cómputo global das materias que inclúe o programa formativo da titulación, só en algo menos dunha quinta parte se logra acadar valores desta taxa superiores ao 80%, pero en todos os casos sempre inferiores ao 90%. Porén, hai outros tres datos que sinalan máis claramente na dirección do descenso obxectivo que presenta o nivel académico do noso alumnado. En primeiro lugar, o tramo que concentra un maior número de materias é o que corresponde a aquellas que acadan unha taxa de rendemento que oscila entre o 70 e o 79,99%, isto é, unha terceira parte exacta do total (33,33%), cun valor moi semellante ao de 2019/2020, se ben nese curso as materias que superaron o 80% chegaron a representar o 52,38% do total fronte ao cativísimo 19% do actual 2021/2022. E en segundo termo, asístese a un aumento de consideración do tramo da taxa de rendemento situado entre o 60 e o 69,99%, que aglutina ao 23,8% delas en 2021/2022 fronte ao 14,28% en 2020/2021 e o 2,38% en 2019/2020. De feito, a meirande parte das materias concéntranse nestes dous tramos que van do 60 ao 79,99% (57,14%), a diferenza do que sucedeu en 2019/2020 e 2020/2021 en que a meirande parte das mesmas se localizaron nos dous tramos consecutivos que se sitúan entre o 70 e o 89,99%. Engádase a isto que, en terceiro lugar, continuou medrando por terceiro curso consecutivo o número de materias con taxa de rendemento inferiores ao 60%: se en 2019/2020 supuxeron o 9,52% do total e en 2020/2021 o 16,27%, agora volven aumentar ata se situar en 23,8%, isto é case que unha cuarta parte do total. No anterior IRD propuxemos como posible hipótese da explicación da contención detectada entón no valor desta taxa, a baixada xeneralizada que tamén detectamos e asociamos en boa medida aos efectos da situación derivada da nova realidade que seguiu ao confinamento sanitario do segundo cuadrimestre do curso 2019/2020; pero é moi posible que, á vista destes novos resultados, tamén se puidese tratar do inicio dun proceso que seguramente tivo continuidade en 2021/2022. Esperemos que os IRD dos vindeiros cursos non

confirmen esta nova hipótese e que sinxelamente nos atopemos diante dunha baixada puntual do nivel académico do noso alumnado<sup>12</sup>.

Táboa 7. Taxa de rendemento agrupada no Grao en Xeografía e Historia

Taxa de rendemento	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022
100%	4	1	0
90% ao 99,99%	5	4	0
80% ao 89,99%	13	19	8
70% ao 79,99%	15	6	14
60% ao 69,99%	1	6	10
50% ao 59,99%	3	4	5
Inferior ao 50%	1	3	5

As Táboas 8 e 9, nas que recollemos as materias que conseguiron nos últimos tres últimos cursos a taxa máxima de rendemento, como así mesmo aquelas outras cuxo valor sitúase por debaixo da metade do seu valor, confirman de xeito moi visible a nosa argumentación. Como se pode comprobar, seguimos a aplicar o mesmo criterio seguido no IRD de 2020/2021, de tal xeito que a mostra se axuste mellor á baixada xeneralizada dos resultados que se observa no conxunto das materias e que, tal como indicabamos entón, nos obrigaría a efectuar novos axustes se se dese o caso, por exemplo, de que ningunha delas chegase ao 100% de rendemento, tal como aconteceu en 2021/2022, no que a taxa máis elevada situouse numha única materia en 89,66%, a cal, a maiores, se trata da materia obligatoria Prácticas externas que se cursa en 4.<sup>º</sup>. Son unicamente dúas as que teñen unha taxa de rendemento inferior ao 44,83%, pero hai outras tres das cales unha só está tres centésimas por riba do dito valor medio, e outras dúas que apenas o superan en catro puntos porcentuais<sup>13</sup>. Como se pode comprobar, agás unha delas, ou ao sumo dúas se tamén consideramos as outras tres materias indicadas na nota a rodapé n.<sup>º</sup> 12, non podemos falar de repeticións dun curso para outro. En boa medida, os resultados achéganse aos que xativemos ocasión de analizar no IRD de 2020/2021, polo que a nosa conclusión vai na mesma liña da que xa argumentamos entón: todo parece indicar que, logo do efecto positivo que tiveron na taxa de rendemento as enormes dificultades que se produciron durante o seu segundo cuadrimestre de 2019/2020 debido á urxencia sanitaria, a situación da nova realidade de 2020/2021 veu acompañada dunha redución das taxas de éxito,

<sup>12</sup> Non deberíamos perder de vista, neste mesmo senso, que un dos efectos probados que deixou tras de si o confinamiento sanitario do segundo cuadrimestre do curso 2019/2020 foron uns moi bos resultados académicos en todos os niveis educativos, incluído o Ensino Superior e mesmo tamén as probas da ABAU que facilitan o acceso ao mesmo. É probable que esta baixada que se evidencia nos resultados académicos en 2021/2022 se estea a facer eco simplemente dunha certa inflación que experimentaron previamente os bons resultados en 2019/2020 (o alumnado que cursou o 4.<sup>º</sup> curso do Grao correspondeulle estar confinado en 2.<sup>º</sup>; o de 3.<sup>º</sup> mentres cursaron 1.<sup>º</sup>; o de 2.<sup>º</sup> mentres cursaron 2.<sup>º</sup> de bacharelato e logo obtiveron uns resultados moi bons na ABAU; e os de 1.<sup>º</sup> do Grao mentres cursaron 1.<sup>º</sup> de bacharelato). Francamente, cremos que é moi difícil sostener a hipótese de que volta á presencialidade nas aulas en 2021/2022 coa máscara e a ventilación permanente sexa o único factor que influiu neste descenso probado, senón que habería que incorporar á reflexión outros como o da sinxela baixada do nivel académico do estudiantado, do cal, por certo, ofrecemos probas manifestas no presente IRD.

<sup>13</sup> En concreto, referímonos no primeiro caso a G251991 Traballo de Fin de Grao, cuxa taxa de rendemento acada o 44,9%; e no segundo a G251502 Historia da arte moderna e G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas, que acadan respectivamente o 48,84% e o 48,98%.

eficiencia e avaliación, que foi máis contida no caso da taxa de rendemento, á que agora segue, tras o regreso á presencialidade nas aulas con máscara e ventilación continua, un novo descenso das mesmas, sendo de certa consideración a baixada da taxa de rendemento.

Táboa 8. Materias con maior taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia


Materia/s con maior taxa de rendemento	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022
G251906 Historia da arte de Galicia			
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100%		
G251912 Historia moderna de Galicia			
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica			
G251903 Lingua clásica: Introdución á lingua e cultura latinas		100%	
G251981 Prácticas externas			89,66%

Táboa 9. Materias con taxa de rendemento inferior ao 50% no Grao en Xeografía e Historia

Materia/s con menor taxa de rendemento (inferior ao 50% do valor máximo acadado por esta taxa)	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022
G251105 Historia de América precolombina e colonial	49,21%		
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana		33,33%	
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe		43,59%	
G251991 Traballo de Fin de Grao			
G251912 Historia moderna de Galicia			41,67%
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe			28,07%


No que respecta á taxa de abandono, tampouco o panorama é mellor, posto que, despois de dous cursos consecutivos nos que se viña evidenciando un claro descenso da mesma, en 2021/2022 esta tendencia cambiou o sentido da súa evolución descendente para aumentar ata situarse en valores case que idénticos aos de 2019/2020 (Gráfico 17). Isto é, estamos diante dun retroceso que nos sitúa de novo no punto de arranque do mencionado descenso e medio punto por riba da meta fixada en 25%, se ben debemos mencionar que seguimos afastándonos dos valores previos nos que esta taxa chegou a se situar por riba do 30% (30,3% no curso 2016/2017, 32,25% en 2017/2018 e 36,36% en 2018/2019). Certamente non podemos falar dun dato positivo cando unha cuarta parte do noso alumnado de primeira matrícula abandona o Grao. Neste senso, é posible que unha análise máis detallada do perfil do alumnado de primeira matrícula contribúa a coñecer e detectar posibles motivos non percibidos ata o de agora en relación con esta cuestión. Por este motivo, e co obxectivo de coñecer mellor cales son as causas polas que selecciona a nosa titulación, se procedeu a modificar, dentro dos protocolos de actuación do PAT, a ficha de detección de primeiras necesidades que se lle pasa ao alumnado de primeira matrícula para poñer en marcha esta iniciativa no vindeiro curso 2022/2023. Coidamos que ditos datos nos axudarán en ocasións futuras a valorar mellor este aspecto.

Gráfico 17. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia (en %)



Do mesmo xeito que nos seis criterios precedentes, remataremos a análise deste valorando os resultados procedentes das enquisas de satisfacción. En primeiro lugar, xa tivemos ocasión de nos referir no Criterio 1 á enorme caída da participación do noso estudiantado nestas enquisas, ata se situar nun 25% no Grao que a nós nos sorprendeu posto que non estábamos acostumados a datos de participación tan baixos<sup>14</sup>. Non repetiremos a nosa argumentación porque realmente non aportaría nada novo, pero si é salientable lembrar que cremos que é posible que se estea a producir un proceso de converxencia cos valores que no seu conxunto presenta o alumnado da institución universitaria que nos acolle. O Gráfico 18 non deixa lugar a dúbidas do escaso interese que amosou o noso estudiantado por cumplimentar estas enquisas, malia os reiterados avisos que se lles enviaron lembrándolles a utilidade que estas teñan para a mellora do noso Centro e das nosas titulacións.

Gráfico 18. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia




<sup>14</sup>

No Criterio 1 tamén sinalamos que a participación nas enquisas de satisfacción do alumnado matriculado no PCEO foi superior á do Grao, situándose no 43%.

En segundo lugar, áinda nos parece máis preocupante o nivel de satisfacción que presenta o noso alumnado en ditas enquisas, baixando un punto e dúas décimas respecto dos dous cursos precedentes para se situar agora en 2,64 (Gráfico 19). De novo, estamos diante doutro resultado inferior ao valor da mediana. Pero o máis sorprendente (áinda que faríamos mellor en empregar o termo de preocupante) é que este dato da satisfacción xeral do alumnado do Grao correspondente ao curso do regreso á presencialidade nas aulas coa máscara e a ventilación permanente (2021/2022), é inferior tanto ao curso no que tivo lugar o confinamento sanitario durante o seu segundo cuadrimestre (2019/2020) coma ao seguinte que coincidiu coa situación da nova realidade e o complexo sistema de quendas (2021/2022). Coidamos que así visto, este mal resultado, ademais de desalentador, non está para nada en consonancia co enorme esforzo que tanto o PDI coma o PAS realizaron para garantir que se puidese desenvolver con toda a normalidade posible o programa formativo nun contexto marcado pola mencionada plena presencialidade. Este mesmo razoamento é extensivo ao alumnado do PCEO, cuxo nivel de satisfacción coa dobre titulación a penas é catro centésimas superior, acadando o 2,68 en 2021/2022, se ben neste segundo caso é moi posible que este valor se estea a facer eco das dificultades engadidas coas que se atopa este sector do noso estudiantado que debe seguir os programas formativos de dúas titulacións.

Gráfico 19. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción



Do mesmo xeito que nos seis criterios precedentes, absterémonos de realizar ningunha valoración sobre os resultados do/a único/a alumno/a titulado/a que cumplimentou a enquisa de satisfacción, posto que, como sinalamos anteriormente este único caso carece de representatividade algúns<sup>15</sup>. Polo tanto, limitarémonos tan só a indicar o resultado do seu nivel de satisfacción coa titulación sen máis, que se sitúa en 4,05.

Para finalizar, recollemos na seguinte táboa os ítems mellor valorados nas enquisas de satisfacción polo alumnado do Grao e as persoas tituladas, os cales xa foron analizados polo miúdo en cada un dos apartados do presente IRD.

<sup>15</sup>

Tamén se produciu un descenso no número de participantes de estudiantes titulados/as que cumplimentaron a enquisa de satisfacción en relación co curso precedente: se en 2020/2021 o fixeron seis suxeitos, neste 2021/2022 só unha persoa.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado de Grao	2021/2022	25%	2,64	-Os horarios da titulación: <b>4,13</b>	A utilidade das prácticas da titulación: <b>2,11</b>
				-Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): <b>3,83</b>	A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación: <b>2,13</b>
				-A distribución e orde das materias no plan de estudos: <b>3,00</b> -O calendario das probas de avaliación: <b>3,00</b>	-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>2,22</b> -O cumprimento das túas expectativas formativas: <b>2,22</b>
	2020/2021	71,43%	3,87	-A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,25</b>	O cumprimento das túas expectativas formativas: <b>3,40</b>
				-Os horarios da titulación: <b>4,21</b>	A coordinación entre as materias do plan de estudos: <b>3,47</b>
				-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>4,15</b>	A formación adquirida: <b>3,55</b>
	2019/2020	81%	3,87	-A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,83</b>	A coordinación entre as materias do plan de estudos: <b>3,50</b>
				-Os espazos para o traballo autónomo: <b>4,24</b>	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...): <b>3,55</b>
				-Os horarios da titulación: <b>4,00</b> -O calendario das probas de avaliación: <b>4,00</b>	A orientación académica recibida no plan de acción titorial: <b>3,64</b>
Pessoas tituladas	2021/2022	6%	4,05	- A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>5,00</b> - A utilidade da páxina web da titulación: <b>5,00</b> - As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>5,00</b>	

				<ul style="list-style-type: none"> <li>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b></li> <li>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b></li> </ul>	
				<ul style="list-style-type: none"> <li>-A distribución das materias do plan de estudos: <b>4,00</b></li> <li>-A orientación académica recibida: <b>4,00</b></li> <li>-A orientación profesional e laboral recibida: <b>4,00</b></li> <li>-A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións) : <b>4,00</b></li> <li>-A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación: <b>4,00</b></li> <li>-O desempeño do profesorado: <b>4,00</b></li> <li>-A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,00</b></li> <li>-A formación adquirida: <b>4,00</b></li> <li>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>4,00</b></li> <li>-Duración das prácticas: <b>4,00</b></li> </ul>	<p>-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: <b>3,00</b></p>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>- A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>5,00</b></li> <li>- A utilidade da páxina web da titulación: <b>5,00</b></li> <li>- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>5,00</b></li> <li>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b></li> <li>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b></li> </ul>	<p>-As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: <b>3,00</b></p>
2020/2021	18%	3,38		<ul style="list-style-type: none"> <li>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b></li> </ul>	<p>-A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b></p> <p>-O desempeño do profesorado: <b>2,00</b></p>

				<p>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b>            -Duración das prácticas: <b>5,00</b></p>	
				<p>A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b></p>	<p>-A orientación académica recibida: <b>2,50</b>             -As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, súxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : <b>2,50</b></p>
				<p>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>3,50</b>             -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>3,50</b>             -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,50</b></p>	<p>-A utilidade da páxina web da titulación: <b>3,00</b>             -As aulas e laboratorios: <b>3,00</b>             -A formación adquirida: <b>3,00</b></p>
2019/2020	53%	3,16		<p>-Formación adquirida na práctica: <b>4,14</b></p>	A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b>
				<p>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>4,00</b></p>	As aulas e laboratorios: <b>2,30</b>
				<p>-Duración das prácticas: <b>3,86</b></p>	A distribución das materias do plan de estudos: <b>2,60</b>

<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Baixada de consideración na taxa de rendemento</li> <li>• Taxa de abandono elevada (representa a cuarta parte do alumnado de primeira matrícula)</li> <li>• Descenso alarmante na participación do alumnado nas enquisas de satisfacción</li> <li>• Baixada no nivel de satisfacción xeral do alumnado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titulares/as fixadas no PAT, para axudarles a axustar o tempo que dedican ás actividades académicas relacionadas co programa formativo</li> <li>• Realizar un seguimiento dos sectores do estudiantado que presentan unha maior taxa de abandono</li> <li>• Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora</li> <li>• Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titulares/as</li> </ul>

	fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe dita baixa valoración deste Criterio 7
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<b>Indicadores:</b> I1: Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Taxa de gradación</li> <li>□ Taxa de abandono</li> <li>□ Taxa de eficiencia</li> <li>□ Taxa de rendemento</li> <li>□ Taxa de éxito</li> <li>□ Taxa de avaliação (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)</li> </ul> I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-DO: Duración media dos estudos

## Seguimento da titulación: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO


#### Valoración xenérica

O programa formativo da titulación está actualizado e implantouse durante o curso 2021/2022 de acordo coa súa memoria verificada, e, así mesmo, o seu plan de estudios desenvolveuse segundo os criterios establecidos nela, no terceiro curso no que esta titulación de post-grao estivo adscrita de xeito consecutivo en exclusividade á Facultade de Historia.

#### Reflexión/Xustificación

No curso 2021/2022 o número de novas matrículas ascendeu a 21, situándose ao mesmo nivel que en 2019/2020, superándose polo tanto a baixada de matrícula evidenciada en 2018/2019 e 2020/2021 (Gráfico 20).

Gráfico 20. Estudantes de primeira matrícula no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Tal como ven sendo habitual nesta titulación, predominou un curso académico máis o perfil multidisciplinario entre o alumnado de primeira matrícula, de acordo coa súa memoria. Concretamente, en 2021/2022, o alumnado que previamente cursou titulacións universitarias vinculadas ao ámbito humanístico situouse nun nivel moi próximo ao de 2020/2021, cun 52,36% fronte ao 52,62% precedente, polo que se segue a manter o seu descenso en relación a 2019/2020, cando chegou a representar o 66% (isto é, dúas terceiras partes do total). Pola súa banda, o estudiantado procedente de titulacións cun perfil tecnolóxico ou vinculadas á conservación e restauración volve a experimentar un novo aumento para se situar no 28,56%, preto de dous puntos porcentuais superior ao 26,36% de 2020/2021.

Táboa 10. Perfil do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

	Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	nº	%
2021/2022	Título de Licenciado ou Licenciada	Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración	1	4,76
		Licenciado en Historia	1	4,76
		Licenciado en Historia da Arte	2	9,52
	Título de Arquitecto ou Arquitecta	Título de arquitectura do sistema universitario español	2	9,52
	Título de Enxeñeiro ou Enxeñeira	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais	1	4,76

	Títulos superiores de Ensinanzas Artísticas	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942	1	<b>4,76</b>	
		Titulado Superior Conservación e Restauración de Bens Culturais	1	<b>4,76</b>	
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudios estranxeiros	Estudos realizados no estranxeiro	3	<b>14,28</b>	
	Títulos de grao	Graduado en Belas Artes	2	<b>9,52</b>	
		Graduado en Xeografía e Historia	3	<b>14,28</b>	
		Graduado en Historia	1	<b>4,76</b>	
		Graduado en Historia da Arte	1	<b>4,76</b>	
		Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	1	<b>4,76</b>	
		Grao en Estudos de Arquitectura	1	<b>4,76</b>	
<b>Total</b>			<b>21</b>	<b>100</b>	

En canto á súa orixe xeográfica, non só se segue constatando o predominio do estudiantado oriúndo de Galicia, senón que o seu peso sobre o total continúa aumentando un curso máis (Táboa 11). Así, fronte ao 66,6% en 2019/2020 e o 69,69% de 2020/2021, estes/as representan en 2021/2022 o 77,14%. Este algo máis das tres cuartas partes do alumnado galego de primeira matrícula parece confirmar a hipótese do maior interese que parece amosar este pola nosa titulación respecto a cursos pasados. Entre este alumnado de orixe galega continúa ocupando o primeiro posto o de Pontevedra, cun 34,28% lixeiramente superior ao 33,22% de 2020/2021, seguido do de Ourense, que tamén gaña un punto porcentual con respecto ao mencionado 2020/2021, en que acadou o 24,24%, para situarse agora en 25,71%. Obviamente, esta subida do alumnado galego de primeira matrícula na titulación ten a súa influencia nunha baixada do peso daquel outro procedente do resto do territorio da península Ibérica e de América Latina, en comparación con cursos anteriores: se en 2020/2021, o 18,18% chegou a proceder doutras comunidades autónomas de España e Portugal, en 2021/2022 esta cifra descende ata o 17,14%, sendo algo máis suave a dita caída no caso do alumnado suramericano, que pasa do 6% en 2020/2021 ao 5,71% en 2021/2022. Non se perda de vista que a docencia desta titulación se imparte integralmente na modalidade semipresencial, polo que non é necesario que este alumnado se traslade ata o Centro para realizar o seguimento das actividades académicas vinculadas á mesma.

Taboa 11. Procedencia xeográfica do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural no curso 2021/2022

PROVINCIA/PAÍS	LOCALIDADE	nº
A CORUÑA	Teo	1
	Ordes	1
	Culleredo	1

	As Pontes de García Rodríguez	1
	<b>TOTAL</b>	4
LUGO	Bóveda	1
	O Saviñao	1
	<b>TOTAL</b>	2
OURENSE	Xinzo de Limia	1
	Padrenda	1
	Oímbra	1
	O Carballiño	1
	Ourense	5
	<b>TOTAL</b>	9
PONTEVEDRA	A Guarda	1
	As Neves	1
	Salvaterra de Miño	1
	Vigo	4
	Cangas	1
	Sanxenxo	1
	Caldas de Reis	1
	Pontevedra	1
	Silleda	1
	<b>TOTAL</b>	12
BARCELONA	Barcelona	1
ASTURIAS	Gijón	1
CÁDIZ	Los Barrios	1
SEVILLA	Valencina de la Concepción	1
TARRAGONA	Tarragona	1
PORTUGAL	Vila Real	1
ECUADOR	Loja	1
	Cuenca	1
	<b>TOTAL</b>	2

Recollemos na seguinte Táboa 12 a nota media de acceso, cuxos datos nos son proporcionados pola Unidade de Estudos e Programas da UVigo sen facer distinción das notas de acceso. Se unicamente nos fixamos naqueles/as en que esta nota media está calculado sobre 10, pódese comprobar como logo do incremento que se produciu en 2020/2021 sobre 2019/2020, ao se situar en 7,05, esta nota media experimenta un descenso ata o 6,735.

Táboa 12. Nota de acceso ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Curso		Nota media Home	Nota media Muller	Nota media total
2021/2022	Graduado en Xeografía e Historia	7,850		7,850
	Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración	6,163		6,163
	Licenciado en Historia		2,030 *	2,030 *
	Licenciado en Historia da Arte		4,005 *	4,005 *
	Título de arquitectura do sistema universitario español		**	**
	Enxeñeiro de Montes	6,000		6,000
	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942		**	
	Titulado Superior Conservación e Restauración de Bens Culturais		**	
	Estudos realizados no estranxeiro	**	**	
	Graduado en Belas Artes		**	
	Graduado en Xeografía e Historia	8,075	7,400	7,850
	Graduado en Historia		6,478	6,478
	Graduado en Historia da Arte		6,340	6,340
Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			6,852	6,852
Grao en Estudos de Arquitectura		6,854		6,354
Nota media				6,735

\* Alumnado que accede con nota media de expediente académico en base 4

\*\* Alumnado que accede sen nota media de expediente académico

Na medida en que se trata dun título que se imparte en exclusiva na modalidade semipresencial, o seu programa formativo non se veu afectado pola presencialidade total que se produciu no resto das titulacións da UVigo. Así, a docencia continuouse impartindo en 2021/2022 a través da plataforma de teledocencia e-meeting

da UVigo e as clases se gravaron e logo foron subidas á plataforma Moovi, onde o alumnado pode acceder a todo o material docente de cada materia.


No que atinxo á mobilidade do estudantado da titulación, o regreso á presencialidade total neste post-grao non tivo ningún efecto positivo. Ao contrario, a diferenza dos dous cursos previos, en 2021/2022 ningún deles participou en programas de mobilidade (Táboa 13).

Táboa 13. Alumnado participante en programas de mobilidade internacional no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Curso	a. Estudantes saíntes	b. Estudantes entrantes	c. Total (a+b)	d. Estudantes matriculados	% de c. sobre d.
2019/2020	0	2	2	39	5,1
2020/2021	1	0	1	29	3,4
2021/2022	Non constan	Non constan	Non constan	33	—
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>96</b>	<b>4,2</b>

Tamén nesta titulación de potgrao se deixou sentir o descenso na porcentaxe de participación do seu estudantado nas enquisas de satisfacción ao que xa fixemos mención ao tratar os datos do Grao. Neste caso mesmo foi dous puntos porcentuais inferior a aquel, situándose no 23%, se ben dous puntos superior á media acadada na UVigo. É evidente que aquí nos atopamos diante dun mal resultado, máxime se temos en conta a participación dos cursos precedentes: 55% en 2020/2021 e 62% de 2019/2020. Debemos reiterar, unha vez máis, que tanto dende o equipo directivo do Centro coma dende a coordinación desta titulación se informou en diversas ocasións da importancia que teñen estas enquisas de cara á valoración das posibles melloras que se poden deseñar. Porén, a diferenza dos dous cursos precedentes, esta baixada non se trasladou á puntuación global deste Criterio 1, como acontecería en 2020/2021, senón que incluso se acada o valor máis elevado do trienio valorado, acadando un 4,15 en 2021/2022 superior ao 2,93 de 2020/2021 e ao 3,32 de 2019/2020 (Gráfico 21). Trátase de resultados que valoramos positivamente. De feito, agás o PAT, todos os ítems que integran este criterio acadan o 4 e mesmo tres deles o superan (utilidade das prácticas, horarios da titulación e coordinación entre as materias). Un curso académico máis, o PAT neste máster continúa a ser o ítem pero valorado, pero con todo acada un aceptable 8,8.

Gráfico 21. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (Mestrado)



Son unicamente dous as persoas tituladas que cumprimentaron estas enquisas, así que tampouco podemos tomalas como representativas e menos se temos en conta que o número de posibles enquisados tamén é baixo, posto que integra tan só a oito suxeitos. Calquera porcentaxe obtida a través dunha mostra tan sumamente reducida pode contribuír a distorsionar os valores porcentuais de participación. Isto é, se coma é o caso, só dous persoas tituladas sobre oito posibles cumprimentaron a enquisa, o 25% resultante de participación para 2021/2022 (que é superior á participación do 18% en 2020/2021) está a agotar realmente unha participación certamente baixa, que se ve corroborada -como veremos máis adiante- por unha baixa de gradación. Sobre esta base, que atinxe directamente á metodoloxía que subxace na formulación e elaboración das mencionadas enquisas, só a título informativo podemos sinalar que o valor acadado neste criterio se sitúa en 2,41 en 2021/2022<sup>16</sup>, e só en tres ítems se acada o valor da mediana (grafo de actualización dos contidos do plan de estudos, metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino e orientación académica recibida).

Puntos débiles detectados:	Acciones de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none"> <li>Persiste o descoñecemento do significado do PAT e das súas actuacións</li> <li>Escasa representatividade dos valores procedentes das enquisas de satisfacción relativas ao alumnado egresado, pola súa escasa participación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aumentar as reunións co alumnado por parte da coordinación do PAT, para explicarles as súas funcións e actuacións</li> <li>Incrementar a difusión entre as persoas egresadas da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora</li> </ul>

<sup>16</sup>

Sen posibilidade de establecer ningunha comparación en relación cos cursos académicos precedentes debido á pouca representatividade que teñen só dous persoas egresadas enquisadas, e únicamente a título informativo, a valoración global deste Criterio 1 situouse neste mesmo sector en 3,67 en 2019/2020 e 4,36 en 2020/2021.

#### Evidencias nas que basea a valoración:

- E1: Memoria vixente do título  
E2: Informes de verificación, modificación, seguimiento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora  
E3: Perfil de ingreso do alumnado(grafo)  
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  
E6: Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

#### Indicadores nos que se basea a valoración:

- I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción  
I2: No caso de mestrado, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia  
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudiantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudiantes que participan en programas de mobilidade e estudiantes matriculados,...)  
I09(2)-DO: Estudiantes estrangeiros  
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.  
I01-AC: Nota media de acceso  
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso  
I02-AC: Ocupación  
I03-AC: Preferencia  
I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

### Valoración xenérica

A titulación cos mecanismos que facilitan a comunicación aos seus grupos de interese das características do programa e, así mesmo, de todos aqueles procesos que garanten a súa calidade. Toda información salientable sobre o mesmo é pública e está disponible axeitadamente para todos os axentes que se atopan implicados no seu desenvolvemento.

### Reflexión/ Xustificación

De acordo coa dinámica das titulacións de post-grafo da UVigo, toda a información relativa a este mestrado é accesible a través dunha web propia (pódese acceder á mesma a través deste link <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/>) sendo responsabilidade do seu Coordinador subministrar á empresa contratada (que é a mesma que tamén xestiona os contidos da web da Facultade de Historia) todas as novidades que se deben publicitar a través da mencionada web, como tamén proceder á actualización permanente dos seus contidos. Por esta razón, na web do Centro só se inclúe información básica sobre esta titulación, que comprende unha descripción xenérica xunto con dous enlaces, o primeiro dos cales remite á memoria desta titulación e o segundo á súa dita páxina web (<http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/>).

Así mesmo, faise uso da plataforma docente MooVi da UVigo como medio habitual de información para o alumnado; dende a súa Coordinación infórmase de xeito puntual tanto ao profesorado como ao alumnado de todas as novedades que se van producindo no decorrer do programa formativo; e a titulación dispón dunha aula virtual dende a que se celebra a sesión de acollida ao estudantado, na cal se procede a expoñer as liñas propostas polo profesorado de cara á elaboración e dirección de TFM's e tamén se presentan os aspectos básicos das Prácticas Externas. Complementariamente, dende as redes sociais da Facultade de Historia publicítase información que resultar de interese para o alumnado desta titulación referida a convocatorias oficiais, cursos de especialización formativa e ofertas de traballo.

Se nos centramos nos resultados procedentes das enquisas de satisfacción relativas a este criterio, podemos comprobar que os valor global acadado neste curso 2021/2022 segue unha tendencia parella á xa descrita no apartado anterior. Frente á caída de tres décimas que se produciu en 2020/2021 (3,03) respecto a 2019/2020 (3,36), asistimos agora a unha clara recuperación que o sitúa en 4,22, sendo este o máis elevado do trienio a avaliar. Pero quizais a cuestión máis salientable á hora de comparar o curso 2021/2022 co precedente 2020/2021 sexa o feito de que se neste segundo o ítem mellor valorado neste criterio foi a utilidade da páxina web, agora, pola contra, é o menos valorado (con todo, presenta un aceptable 3,67) fronte á facilidade para atopar información na web e a utilidade da información sobre a titulación accesible a través doutros soportes.

Pola súa banda, na medida en que, como comentamos, cremos que carecen de representatividade os datos procedentes das dúas únicas persoas egresadas que cumprimentaron as enquisas de satisfacción, limitarémonos a presentar os datos sen entrar a valoralos. O valor medio neste criterio sitúase en 3 mentres que en 2020/2021 se acadou o 5.

#### **Puntos febles detectados:**

- Escasa representatividade dos valores procedentes das enquisas de satisfacción relativas ao alumnado egresado, pola súa escasa participación

#### **Accións de mellora a implantar:**

- Incrementar a difusión entre as persoas egresadas da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora

#### **Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

#### **Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

### **Valoración xenérica**

A Facultade de Historia conta cun Sistema Interno de Garantía da Calidade que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua das súa titulacións, incluído este mestrado que nos ocupa nesta segunda parte do presente IRD. Para os aspectos xenéricos deste Criterio 3, remitimos ao xa comentado no criterio homólogo referido ao Grao e o PCEO.

## Reflexión/ Xustificación

Tal como tivemos ocasión de comentar no Criterio 1, a participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción foi bastante baixo. Exactamente, só un 23%, o cal representa unha caída moi notable respecto ao 55% de 2020/2021. Aínda que se trata dunha porcentaxe de participación que, como vimos, supera en dous puntos porcentuais os valores globais da UVigo, non podemos consideralo un bo dato. Vai na liña da tamén escasa participación que constamos no Grao. Así que estamos diante dun resultado nada satisfactorio que agardamos poder mellorar en cursos vindeiros.

Porén, hai dous aspectos que debemos comentar xusto en relación con este criterio. O primeiro é que, a diferenza de cursos pasados, neste se incluíron dúas preguntas en lugar dunha soa nas devanditas enquisas. E o segundo é que, de novo, nos atopamos diante dun comportamento semellante ao dos dous criterios precedentes: o valor global de 3,87 correspondente a 2021/2022 é superior ao 2,25 de 2020/2021 e tamén ao 2,92 de 2019/2020. Unha vez máis, non só se recupera o descenso rexistrado en 2020/2021, senón que mesmo se supera o rexistro maior de 2019/2020. Coidamos que é posible concluír, pois, que se acadou o obxectivo de dar a coñecer entre o alumnado do máster a posibilidade de expresar a súa opinión a través da canle institucional das QSP, posto que dito ítem se sitúa en 3,75. Pola súa banda, o novo ítem referido á implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación acada un aceptable.

Polos motivos xa expostos nos dous criterios anteriores, limitarémonos só a indicar, en relación coas persoas tituladas, que o valor medio ás dúas únicas que responderon as enquisas de satisfacción é de 2,5<sup>17</sup>.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b> , manual e procedimentos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudiante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b> , manual e procedimentos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudiante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade	
<b>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</b>	

<sup>17</sup>

Sen intención ningunha de establecer ningunha comparativa, polo condicionante que representa a escasa representatividade destes dous suxeitos, este dato acado o 2,33 en 2019/2020 e o 4,5 en 2020/2021.

## **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**

### **Valoración Xenérica**

O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes. Na web do título actualízanse cada curso os datos do profesorado, os cales se poden consultar no seguinte enlace <http://masterlhtco8.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>

### **Reflexión/Xustificación:**

No que atinxo ao PDI, este ten a cualificación precisa para impartir a docencia asignada e así mesmo atender as necesidades formativas do alumnado. No curso 2021/2022 este incrementou lixeiramente a súa planta pasando de 31 docentes en 2020/2021 a 33 en 2021/2022, manténdose –do mesmo xeito que en cursos pasados– o seu perfil multidisciplinario de acordo coa memoria do título; se ben se reforzou o predominio dos pertencentes á UVigo (17 en 2020/2021 e 20 en 2021/2022) fronte aos externos (14 e 13 en sucesivos cursos). O custo das horas de docencia deste profesorado externo recae no orzamento asignado á titulación. En relación co curso pasado, neste si se corrixiu o cálculo do indicador I02-PE referido á cualificación do PDI e que reflicte a porcentaxe real de docentes doutores que imparten docencia no máster, neste caso 14 de 33, equivalente ao 42,42%<sup>18</sup>. Na medida en que a meta para o mesmo está fixada en 55%, é evidente que non podemos identificar dito resultado como positivo. Sen embargo, segue a reproducirse o erro no cálculo que xa sinalamos no noso IRD precedente ao respecto dos sexenios do PDI, xa que de novo cremos que o seu cálculo contribúe a ofrecer unha realidade bastante distorsionada, cun resultado do 86,21%, exactamente idéntico ao de 2019/2020 e catro puntos e medio inferior ao de 2020/2021. Se esta porcentaxe non se calcula sobre o conxunto dos 33 docentes da titulación, nin tampouco sobre os 20 integrados na planta da UVigo, senón que dentro destes últimos, só se toma en consideración a aqueles que teñen posibilidade de acceder ao recoñecemento académico da súa actividade investigadora, isto implica que ese 86,21% se traduce nun dato quizá más preocupante que as mencionadas 4 décimas e media porcentuais de menos<sup>19</sup>; ademais de poñer de manifesto que o cálculo deste dato é erróneo e á vez engañoso.

Na medida en que as enquisas de satisfacción do alumnado que cursa o máster non recollen este curso o seu grao de satisfacción en relación co PDI, carecemos deste dato para poder valoralo. Porén, si inclúen un único ítem referido ao PAS, neste caso o procedente da Área Académica de Mestrado e Doutoramento do Campus de Ourense, que é o servizo administrativo que atende a esta titulación de post-grao. O 3 alcanzado en 2021/2022 supera ao 2,5 de 2020/2021 pero non ao 3,92 de 2019/2020.

Para finalizar con este criterio, nos limitaremos a sinalar o valor medio das enquisas de satisfacción sobre este apartado cumplimentadas polas dúas únicas persoas tituladas, que neste caso inclúron dúas cuestións: 3,25; correspondéndolle un 4 ao ítem que se refire ao desempeño do profesorado e un 2,5 á axuda recibida do PAS.

<sup>18</sup> En cursos pasados, o cálculo desta taxa tomaba en consideración as horas de docencia impartidas polo PDI doutor en lugar do número total de PDI doutor que imparte a docencia na titulación, imposibilitando un achegamento real a parte dos aspectos que se valoran neste criterio.

<sup>19</sup> Se en 2019/2020, o 86,21% se refería aos 12 posibles membros do PDI con posibilidade de acceder ao recoñecemento académico da súa actividade docente; agora, en 2021/2022, ese mesmo 86,21% se refire a un número maior de suxeitos que ascende a 17, se contabilizamos aos Axudantes doutores que se beneficiaron durante dito curso do plan especial da UVigo para a solicitude de sexenios.

<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Persiste a baixa puntuación acadada neste criterio nas enquisas de satisfacción cumplimentadas polo PAS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aumentar as reunións co alumnado por parte da coordinación do PAT, para explicarles as súas funcións e actuacións</li> </ul>
<b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b>	
E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve	
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)	
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u>	
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas	
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.	
I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u>	
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos	
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)	
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	
I02-PE: Cualificación do PDI	
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)	
I03(2)-PE: Profesorado por categoría	

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

### **Valoración Xenérica**

Os recursos materiais e servizos de que dispón a titulación son os axeitados para o correcto desenvolvemento do seu programa formativo e acordes coas súas características, permitindo que o alumnado adquira as competencias recollidas na súa Memoria.

### **Reflexión/Xustificación**

Na medida en que a titulación está adscrita á Facultade de Historia, o estudiantado que cursa o Mestrado ten á súa disposición todos os recursos materiais e servizos do Centro. Xa sinalamos no Criterio 1 que a docencia é impida integralmente na modalidade semipresencial a través da plataforma de e-meeting, contando co apoio dos servizos centrais da UVigo-TV para o seu correcto funcionamento ou para a resolución dos posibles problemas que podan xurdir en relación con dita plataforma. Por outra banda, o alumnado pode

acceder a todo o material da cada materia e as sesións docentes gravadas a través da plataforma de teledocencia Moovi da UVigo.

Ao respecto das instalacións onde se realizan as Prácticas Externas, estas dependen das institucións ou empresas coas que se asinan os correspondentes convenios, e reunindo as condiciones que se precisan para o seu correcto desenvolvemento.

Segundo os resultados acadados nas enquisas de satisfacción neste criterio, continúa a tendencia crecente do seu valor global xa constatado o curso pasado, lográndose o dato máis elevado dos sete apartados que integran a análise desta titulación. Así, se previamente se tiña pasado do 3,81 en 2019/2020 ao 3,93 de 2020/2021, este se sitúa en 4,8 en 2021/2022. Valoramos moi positivamente este aumento de case que un punto. De feito, tres dos catro ítems que se valoran neste apartado das ditas enquisas acadan a máxima puntuación dun 5 (aulas e o seu equipamento; laboratorios, obradoiros e espazos experimentais; e espazos para o traballo autónomo), aínda que tamén debemos deixar constancia de que o peor deles segue a ser a plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia –iso si, cun 4,2 que supera en seis décimas ao 3,67 de 2020/2021–. Polo tanto, reiteramos a nosa preocupación polo feito de que este último ítem volva a acadar, por terceiro curso consecutivo, a peor puntuación, posto que se trata da ferramenta docente básica desta titulación.

Así mesmo, no caso das dúas únicas persoas tituladas que cumprimentaron as enquisas de satisfacción, na mesma liña do que levamos feito nos catro criterios precedentes debido á súa escasa representatividade, diremos que das tres preguntas relativas a este criterio non contestaron a dúas delas (as relativas ás aulas e aos espazos para o traballo autónomo), mentres que a plataforma de teledocencia e ferramentas multimedia acadou un 3<sup>20</sup>.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<b>Puntos febles detectados:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Reiteración da peor puntuación acadada pola satisfacción coa plataforma de teledocencia por parte do alumnado</li> </ul>	<b>Accións de mellora a implantar:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Indagar, a través das reunións co seu profesor tutor fixadas no PAT, a que causa/s se debe dita baixa valoración deste ítem, para co coñecemento da/s mesma/s aplicar as melloras que proceda</li> </ul>

<sup>20</sup>

Malia a escasa representatividade das dúas únicas persoas egresadas que cumplimentaron as enquisas de satisfacción referidas ao Máster, estas si permiten detectar un novo erro que ao noso entender presentan as enquisas de satisfacción. Repárese no dato xa exposto no corpo principal deste texto referido ao feito de que ningún/ha deles/as respondeu ás cuestións referidas ás aulas e aos espazos para o traballo autónomo. Cremos que fixeron o correcto, polo menos no que atinxé ás aulas, xa que ao se tratar dunha titulación que se imparte integralmente na modalidade semipresencial, esta xa está comprendida na pregunta referida á plataforma de teledocencia a través da cal se imparten as clases. Algo semellante sucede cos espazos para o traballo autónomo, posto que o estudiantado que cursa este título de post-grao acostuma a facer un uso moi limitado ou escaso destes. Se aplicamos este mesmo razonamento ás enquisas que cumplimentan quem cursa a titulación, poderemos comprobar que o 5 acadado nos tres ítems sinalados son puntuacións que podemos cualificar de ficticias, xa que o desenvolvemento do seu programa formativo non precisa de dous deses recursos materiais e servizos para o seu desenvolvemento. En definitiva, unha enquisa xenérica que non ten en conta as posibles particularidades das titulacións, non serve para medir a satisfacción de factores que non afectan ao noso Mestrado, totalmente semipresencial. Trátase, pois, dun novo erro metodolóxico que presenta o deseño das mencionadas enquisas de satisfacción que sería deseable se corrixa.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N.º de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

### Valoración Xenérica

Durante o curso 2021/2022, os resultados de aprendizaxe tamén foron coherentes co perfil de egreso.

### Reflexión/Xustificación

Iniciaremos a análise deste criterio cos datos que ofrecen as taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia, os cales recollemos na seguinte Táboa 14.


Táboa 14. Taxa de éxito, rendemento e avaliación de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (en %)

Materia	Avaliación	Éxito	Rendemento
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	85,71	100	85,71
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	80,95	100	80,95
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	81,82	88,89	72,73
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	65,22	100	65,22
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	65,22	93,33	60,87
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	85,71	94,44	80,95
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	55,56	80,00	44,44
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	54,17	100	54,17
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	56,00	100	56,00
M143111 Introdución á topografía e producción cartográfica	63,64	100	63,64
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	50,00	100	50,00
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	55,56	100	55,56
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	44,44	100	44,44
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	93,75	100	93,75

M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	66,67	100	66,67
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	66,67	100	66,67
M143213 Prácticas	42,86	100	42,86
M143214 Traballo Fin de Mestrado	24,24	100	24,24
M143215 Educación patrimonial e innovación social	68,75	100	68,75
M143216 Patrimonio cultural e turismo	100	100	100
M143217 Introdución á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	22,22	100	22,22
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmóvel	41,67	100	41,67

En primeiro lugar, a taxa de éxito segue movéndose nos niveis comúns ao triénio de referencia, situándose nun 97%, superando de novo por segundo curso consecutivo a meta proposta, fixada en 95% (Gráfico 22). Isto quiere dicir que a meirande parte do alumnado que se presenta ás probas de avaliación as materias conseguem superalas, habendo só catro delas nas que non se chega ao 100%, as cales se imparten no primeiro cuadrimestre.

Gráfico 22. Taxa de éxito do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural




En segundo termo, a taxa de avaliación experimenta no curso 2021/2022 un lixeiro incremento en relación a 2020/2021, logo de pasar do 53% ao actual 56%, polo que dito aumento non permite chegar ao 64% de 2019/2020. Moi sinteticamente, das 22 materias que integran o programa formativa da titulación, só nunha soa se acada unha taxa do 100% (4,54% do total), noutra o nivel que vai do 90 ao 99,99% (4,54%), catro entre o 80 e o 89,99% (18,18%), outras seis máis entre o 60 e o 69,99% (27,27%), cinco entre o 50 e o 59,99% (22,27%), tres entre o 40 e o 49,99% (13,63%), e dúas entre o 20 e o 29,99% (9,09%). Esa lixeira subida respecto a 2020/2021 ten a súa orixe en que daquela ningunha materia superou o valor do 90% da súa taxa de avaliación, mentres que en 2021/2022 dúas o lograron; e que tamén diminuíu o número daquelas outras que se sitúan entre o 40%, e o 69,99%; se en 2020/2021 chegaron a representar o 66,96%, en 2021/2022 son o 63,17%. Un curso máis, o TFM volve estar entre as materias cunha taxa de avaliación comprendida entre o 20 e o 29,99%. Así que, tamén un curso máis, volvemos insistir en que se trata de datos nada satisfactorios, que nalgúns casos se poden facer eco das

circunstancias propias do alumnado que cursa esta titulación de post-grao, o cal adoita combinar os ditos estudos académicos cunha actividade profesional<sup>21</sup>.

Tamén a taxa de gradación confirma a tendencia descendente que xa identificamos no noso anterior IRD, co apunte de que en 2021/2022 esta caída é de moita consideración, posto que deixa o seu valor case que á metade do acadado en 2020/2021. O Gráfico 24 é suficientemente ilustrativo desta preocupante baixada que a deixa no 26,32%. Se temos en conta que fixamos a metade deste indicador nun 65%, é evidente que nos atopamos diante dun dos peores resultados da titulación, o cal, reconécemos, non só é un dato nada satisfactorio, senón ademais bastante preocupante.

Gráfico 23. Taxa de gradación no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Un curso académico máis, a taxa de avaliación do TFM non é a máis baixa de todas as materias do título, senón a segunda cun 24,24%, inferior ao 28,57% de 2020/2021. Así mesmo, estabilízase o número de TFMs defendidos en 8, polo que non se logra remontar a caída que se produciu en 2020/2021 respecto a 2019/2020 (Táboa 15.a). É posible, xa que logo, que nos atopemos diante dun novo indicio da xa mencionada inflación que experimentaron as cualificacións durante o curso 2019/2020 en cuxo segundo cuadrimestre se produciu o confinamento sanitario.

Se fixamos a nosa atención nas cualificacións dos TFMs (Táboa 15.b), de novo obsérvase como a maior parte do estudiantado obtén un notable, cun 62,5% superior ao 50% de 2020/2021 e algo inferior ao 68,75% de 2019/2020. Pola súa banda, manteñese o mesmo número que acadan un aprobado que nos dous cursos xusto anteriores, representando o 25% (do mesmo xeito que en 2020/2021).

<sup>21</sup>

En cursos pasados veuse empregando para a representación gráfica da taxa de avaliación a taxa de eficiencia, a cal contempla a taxa de rendemento das persoas egresadas que cursaron esta titulación de posgrao. O desaxuste progresivo que se ven evidenciando entre a dita taxa e a taxa de avaliación do alumnado que cursa este título moveunos a empregar tan só o valor da taxa de avaliación que figura no portal de transparencia da UVigo. Como se pode comprobar no Criterio 7, esta axústase mellor á taxa de rendemento do estudiantado que cursou este máster en 2021/2022. Por este motivo, a diferenza de anteriores IRD, prescindimos de incorporar a este a mencionada representación gráfica da taxa de eficiencia, a cal ofrece unha imaxe distorsionada.

Táboa 15.a. Relación de TFM matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO	TFM MATRICULADOS		TFM DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	Nº	%
2019/2020	34	16	47,05	
2020/2021	28	8	28,57	
2021/2022	33	8	24,24	
<b>Totais</b>	<b>95</b>	<b>32</b>		<b>33,68%</b>

Táboa 15.b. Cualificacións do TFM no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO	CUALIFICACIONES				TFM TOTAIS
	MH	Sobresaínte	Notable	Aprobado	
2019/2020	0	3	11	2	16
2020/2021	1	1	4	2	8
2021/2022	0	1	5	2	8
<b>Total</b>					<b>32</b>


Gráfico 24. Taxa de abandono no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (%)



A diferenza dos outros dous cursos contemplados no trienio de referencia, a taxa de abandono experimenta un incremento considerable que case triplica o valor acadado en 2019/2020, e duplica largamente o de 2020/2021. Ráchase pois a tendencia positiva que observamos nos dous devanditos cursos e que, sen lugar a dúbidas, estivo relacionada co contexto sanitario derivado, primeiro, do confinamento e, logo, da nova realidade. Resúltanos difícil poder explicar como a recuperación da actividade educativa e laboral dun xeito ordinario no curso 2021/2022, puido chegar a influír neste aumento tan sorprendente da taxa de abandono, tratándose como de feito se trata dunha titulación que se imparte integralmente na súa modalidade semipresencial. É posible que tamén nesta titulación de post-grao, que en termos xerais presenta neste curso académico mellores resultados que o Grao, a nova situación post-COVID tamén deixase a súa pegada nalgúns dos seus índices valorados no presente IRD. Do que non cabe a menor dúbida é de que o 28,57% que presenta esta taxa é case que tres veces superior ao 10% que nos fixamos como meta; así que valoramos este resultado como totalmente insatisfactorio.

Porén, o valor global que acada este criterio nas enquisas de satisfacción é de 4,1, superando nun punto ao 3,18 de 2020/2021, confirmándose a tendencia á alza que xa apreciamos nese curso académico. Tal como se pode apreciar no Gráfico 26, o estudantado do Máster valora positivamente tanto a formación adquirida como o cumprimento das súas expectativas formativas. Detéctanse, pola contra, certas incoherencias que consideramos son de difícil explicación, as cales nos remiten ao o xa indicado en relación coa forte carga de subxectividade que teñen as cuestións incluídas neste apartado específico das enquisas de satisfacción, cando examinamos o Criterio 6 relativo ao Grao e ao PCeo. Certamente, nesta titulación de post-grao a incoherencia dos datos non deixa lugar a dúbidas se a compararmos coa tendencia que presentan as taxas de gradación e abandono, tamén examinadas neste mesmo criterio: ¿como é posible cadrar unha ínfima taxa de gradación dun 26,32% e unha taxa de abandono que se sitúa en 28,57% cunha satisfacción do alumnado global neste criterio que se sitúa en 4,1 sobre 5? É evidente que as mencionadas enquisas non sempre permiten dar unha resposta coherente aos resultados que ofrecen, máxime cando esconden contradicións coma esta que acabamos de sinalar.

Gráfico 25. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultados de aprendizaxe (Mestrado)



No caso das persoas tituladas, o valor global que ofrecen as respostas dadas polos dous únicos suxeitos que cumplimentaron as enquisas de satisfacción é de 3 (formación adquirida e utilidade de dita formación para a carreira profesional). Obviamos realizar calquera comparación en relación co trienio de referencia pola escasa representatividade que teñen estes dous únicos casos.

<b>Puntos febles detectados:</b>	<b>Accións de mellora a implantar:</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Persistencia dunha taxa de avaliación moi reducida da materia TFM</li> <li>Consolidación no descenso da taxa de gradación</li> <li>Incremento moi salientable da taxa de abandono</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reunión do coordinador do TFM co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM (acción a aplicar nos dous primeiros puntos febles detectados neste Criterio 6)</li> <li>Realizar un seguimiento dos sectores do estudantado que presentan unha maior taxa de abandono</li> </ul>

#### Evidencias nas que se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

#### EA11: Informes de prácticas

##### **Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## **CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDIMENTO**


### **Valoración xenérica**

Os resultados da taxa de rendemento e das enquisas de satisfacción do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos do título. Se no apartado anterior analizamos as taxas de éxito, avaliación, gradación e abandono, neste dirixiremos o noso foco de atención aos resultados da taxas de rendemento, de xeito global e pormenorizado por materias.

### **Reflexión/Xustificación**

A taxa de rendemento sitúase nun valor moi próximo ao do curso pasado, cun par de puntos porcentuais superior, de tal xeito que se pasa do 52% en 2020/2021 ao 54% en 2021/2022 (Gráfico 26). Polo tanto, mitígase a caída evidenciada entón, se ben non se recupera no nivel de 2019/2020, e tampouco se consegue chegar á meta fixada en 65%, coa que se segue manter unha diferenza de sete puntos por debaixo. Así que tampouco podemos considerar este dato como satisfactorio.

Gráfico 26. Taxa de rendemento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Se nos fixamos no valor desta taxa que presentan as materias, podemos comprobar como se fan eco desta mencionada subida global (Táboa 16). Por primeira vez no trienio de referencia, unha delas acada unha taxa de rendemento do 100% (4,54% sobre o total), de novo, igual que en 2019/2020, outra chega a se situar entre o 90

e o 99,99% (4,54%) e aumentan ata tres as que teñen unha taxa comprendida entre o 80 e o 89,99 % (13,63%). No resto dos tramos, mantense o mesmo número de seis no que vai de 60 a 69,99% e no que é inferior ao 50%, e redúcese o número de materias con taxas de rendemento que oscilan entre o 70 e o 79,99% e entre o 50 e o 59,99%. O descenso nestes dous últimos grupos ten o seu reflexo directo no aumento daquelas materias que superan o 80%. Con todo, se reparamos nos datos óptimos que presenta a taxa de éxito, a cal analizamos no criterio precedente, un curso académico máis evidénciase que segue a haber un número considerable do estudiantado que non se presenta ás probas de avaliación de certas materias, repercutindo certamente esta circunstancia no valor da taxa de rendemento.

Táboa 16. Taxa de rendemento agrupada do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Taxa de rendemento	2019/2020	2020/2021	2021/2022
100%	0	0	1
90% ao 99,99%	1	0	1
80% ao 89,99%	4	1	3
70% ao 79,99%	3	3	1
60% ao 69,99%	5	6	6
50% ao 59,99%	4	6	4
Inferior ao 50%	4	6	6

Tamén recollemos a continuación nas Táboas 17 e 18 tanto as materias que presentan taxa de rendemento maior coma aquellas outras cunha taxa inferior ao 40%<sup>22</sup>. A diferenza dos dous cursos precedentes do trienio de referencia, non se repite en 2021/2022 ningunha dentro daquelas que contan cunha taxa maior en relación a 2020/2021 e a 2019/2020; pero si nos atopamos con dúas entre as que teñen os valores más baixos na taxa de rendemento: a xa comentada “Traballo Fin de Máster” e “Introdución á avaliación estrutural de construcións patrimoniais”, sendo esta segunda a que presenta o peor dato. Remitimos ao xa exposto no Criterio 6 ao respecto do “Traballo Fin de Máster”, xa que é perfectamente aplicable a este mesmo criterio.

<sup>22</sup>

Este axuste que realizamos en ambas as dúas matrices de datos obedece á mesma metodoloxía que aplicamos na análise deste aspecto en relación co Grao, tomando en consideración o máximo valor que acada este indicador no trienio de referencia (dende o curso 2029/2020 ao 2021/2022). Como se pode comprobar, nesta titulación de post-grao o valor máximo das materias oscilou entre o 100% e o 79,95%, do mesmo xeito que aconteceu no trienio que previamente se estendera entre os cursos 2028/2019 e 2020/2021. Así mesmo, na medida en que o valor global da taxa de rendemento do Grao segue a ser superior que a do Máster, un curso máis, situamos dentro das que presentan una taxa de rendemento menor, aquellas outras cun valor inferior ao 40%.

Táboa 17. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia con maior taxa de rendemento	2019/2020	2020/2021	2021/2022
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	91,67%		
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	85,71%		
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural		84,21%	
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural		78,95%	
M143216 Patrimonio cultural e turismo			100,00%
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural			98,75%


Táboa 18. Materias con taxa de rendemento inferior ao 40% no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia con menor taxa de rendemento	2019/2020	2020/2021	2021/2022
—	—		
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos		38,46%	
M143217 Introdución á avaliación estrutural de construcións patrimoniais		33,33%	
M143214 Traballo Fin de Máster		28,57%	
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmóvel		20,00%	
M143214 Traballo Fin de Mestrado			24,24%
M143217 Introdución á avaliación estrutural de construcións patrimoniais			22,22%


Tamén nesta titulación se produciu un notable descenso na porcentaxe de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, situándose nun 23%. Non reiteraremos argumentos xa expostos no presente IRD acerca desta baixada na participación por parte do noso estudantado á hora de cumplimentar as ditas enquisas. O Gráfico 27 é por si mesmo suficientemente ilustrativo de que nas titulacións que dependen do noso Centro, incluída este de post-grao, se camiñou cara a unha converxencia cos valores baixos que neste mesmo senso se observan a nivel xeral na UVigo. Consideramos, non obstante, que esta participación tan baixa non se fai eco dos esforzos que se realizaron en 2021/2022 por parte do equipo directivo da facultade para difundir entre o noso alumnado a importancia que teñen estas enquisas para a mellora da Calidade, e nos deixá moi preocupados/as por un descenso que foi progresivo e gradual dende 2018/2019 ata 2020/2021, e que acadou un nivel moi considerable en 2021/2022. Non insistiremos máis na gran cantidade de enquisas á que está suxeita de xeito constante toda a cidadanía; pero é evidente que esta redución en concreto que se constata na participación nestas enquisas (téñase en conta ademais o diferente perfil do estudantado do Grao e o do Mestrado), debe facernos reflexionar sobre a idoneidade dos datos que ofrecen cando estas son únicamente respondidas por unha cantidade moi reducida dos posibles encuestados/as. En boa medida, só reflictien a

valoración que emite unha reducida minoría, polo que os seus resultados realmente teñen un valor moi limitado, acorde coa limitada participación dos suxeitos que as cumplimentaron.

**Gráfico 27. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (%)**



**Gráfico 28. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural**



Tendo en conta os condicionantes sinalados no parágrafo precedente, o índice global de satisfacción do alumnado desta titulación presenta a valoración máis alta no triénio de referencia, cun 4,23 que mesmo supera á dos dous cursos por separado, durante os cales se produciu unha tendencia á baixa respecto a 2018/2019. Trátase dun dato positivo, pero non podemos nin debemos esquecer que se trata dun dato cunha gran carga de subxectividade.

No que respecta ás persoas tituladas, máis alá da escasa ou nula representatividade que poden ter as dúas únicas que cumprimentaron as ditas enquisas de satisfacción, xusto neste criterio ningunha delas contestou, así que non se dispón deste dato. Neste mesmo senso, a consideración das respostas abertas dadas por elas tamén ten un valor igualmente limitado, percibíndose o perfil heteroxéneo do estudiantado que cursa esta titulación, xeralmente tan só interesado polo ámbito do coñecemento no que se formou antes de se matricular nesta titulación.

Rematamos este criterio incorporando á seguinte táboa un resumo daqueles ítems mellor e peor valorados nas enquisas de satisfacción dos tres últimos cursos 2021/2022, 2020/2021 e 2019/2020, referidos tanto ao alumnado do Mestrado como ás persoas tituladas que o cursaron. Insistimos, porén, que para facer unha lectura correcta non se debe esquecer a reducida participación que se evidenciou en 2021/2022, o cal afecta claramente á representatividade dos datos correspondentes ao dito curso académico.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	2021/2022	23%	H 4,94 M 4,00 Total: 4,23	-As aulas e o seu equipamento: <b>5,00</b> -Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: <b>5,00</b> -Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): <b>5,00</b>	A utilidade da páxina web da titulación: <b>3,67</b>
				A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,67</b>	
				-A utilidade das prácticas da titulación: <b>4,50</b> -A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>4,50</b> -A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia,	A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións): <b>3,75</b>  A orientación académica recibida no plan de acción titorial: <b>3,80</b>

				taboleiros, pantallas audiovisuais...): <b>4,50</b>	
2020/2021	55%	3,10	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): <b>4,50</b>	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...): <b>1,89</b>	
			Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: <b>4,00</b>	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.: <b>2,25</b>	
			A utilidade das prácticas da titulación: <b>3,71</b>	A orientación académica recibida no plan de acción titorial: <b>2,50</b>	
2019/2020	62%	H 3,32 M 3,23 Total: 3,27	-O calendario das probas de avaliación: <b>4,00</b> -Os espazos para o traballo autónomo: <b>4,00</b>	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP: <b>2,33</b>	
			-O desempeño do profesorado: <b>4,00</b>	-Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>1,00</b>	
Pessoas tituladas	2021/2022	Total: 25%	H 1,79 M 3,79 Total: 2,79	-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: <b>3,00</b> -As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: <b>3,00</b> -A orientación académica recibida: <b>3,00</b> -A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>3,00</b> -A utilidade da páxina web da titulación: <b>3,00</b>	A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b>

				<ul style="list-style-type: none"> <li>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>3,00</b></li> <li>-A formación adquirida: <b>3,00</b></li> <li>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,00</b></li> </ul>	
				<ul style="list-style-type: none"> <li>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>3,50</b></li> <li>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>3,50</b></li> <li>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,50</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A distribución das materias do plan de estudos: <b>2,50</b></li> <li>-A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións): <b>2,50</b></li> <li>-A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación</li> <li>-A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro</li> </ul>
2020/2021	O02M143V01 60%	O02M143V01 4,60%		<ul style="list-style-type: none"> <li>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>5,00</b></li> <li>-A utilidade da páxina web da titulación: <b>5,00</b></li> <li>-O desempeño do profesorado: <b>5,00</b></li> <li>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b></li> <li>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b></li> <li>-Duración das prácticas: <b>5,00</b></li> </ul>	<p>A orientación profesional e laboral recibida: <b>8,67</b></p>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>-A distribución das materias do plan de estudos: <b>4,67</b></li> <li>-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: <b>4,67</b></li> <li>-As metodoloxías empregadas para o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A orientación académica recibida: <b>4,00</b></li> <li>-As aulas e laboratorios: <b>4,00</b></li> </ul>

				<p>desenvolvemento do ensino: <b>4,67</b>            -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>4,67</b>            -A formación adquirida: <b>4,67</b></p>	
				<p>-Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>4,50</b>            -As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc..) : <b>4,50</b>            -Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC....) : <b>4,50</b></p>	<p>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>4,33</b></p>
				<p>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b>            -Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b>            -Duración das prácticas: <b>5,00</b></p>	<p>-A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b>            -O desempeño do profesorado: <b>2,00</b></p>
				<p>A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b></p>	<p>-A orientación académica recibida: <b>2,50</b>            -As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc..) : <b>2,50</b></p>
				<p>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>3,50</b>            -As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>3,50</b></p>	<p>- A utilidade da páxina web da titulación: <b>3,00</b>            - As aulas e laboratorios: <b>3,00</b>            - A formación adquirida: <b>3,00</b></p>
O02M143V03 18		O02M143V03 3,38			

				-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,50</b>	
				-O desempeño do profesorado: <b>4,75</b>	Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>2,00</b>
2019/2020	83	3,63		-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: <b>4,25</b> -As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: <b>4,25</b>	As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc....): <b>2,33</b>
				-A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b> -Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC....): <b>4,00</b> -Duración das prácticas: <b>4,00</b>	A orientación profesional e laboral recibidas: <b>2,75</b>

**Puntos febles detectados:**

- Descenso alarmante na participación do alumnado nas enquisas de satisfacción

**Accións de mellora a implantar:**

- Incrementar a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

□ Taxa de gradación

□ Taxa de abandono

□ Taxa de eficiencia

□ Taxa de rendemento

□ Taxa de éxito

□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudios

## IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNNS

### Modificacións na titulación : X

\*Neste epígrafe deben incluirse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro

Incluiranse as modificacións non sustanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado" de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

## IV. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*\*Cada titulación deberá incorporar un seguimiento das accións de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimiento das mesmas*

Accións de mellora *	Estado situación	Comentarios /observación
-Incrementar entre o conxunto do alumnado a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción para coñecer os problemas e implantar accións de mellora (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción baixo	Os resultados enviados pola Área de Calidade sobre a porcentaxe de participación do alumnado que cursa as titulacións do Centro, indican que se produciu un novo descenso na súa participación nas enquisas de satisfacción
-Reunión cos/as delegados/as de cada curso-nivel cando se vai abrir o prazo para cumplimentar as enquisas de avaliación docente (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Mellorar as canles de comunicación entre o alumnado do PCEO e os/as profesores/as tutores/as de cada curso e o decano (PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Asignar profesorado tutor específico para o PCEO (un para os cursos 1.º, 2.º e 3.º e outro para 4.º, 5.º e 6.º) e un delegado conxunto para os seis cursos (PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Implicar en maior medida ao representante do alumnado na Comisión de Calidade para que opere como canle transmisora das accións de dita comisión aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/ás delegados/as de cada curso (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción medio	
-Reiterar ao vicerreitorado a persistencia da problemática relacionada co envellecemento do PDI e do PAS (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción medio	Exposta esta problemática ao equipo de goberno, se manifesta coñecedor da mesma remitindo as posibilidades de renovación de profesorado aos

		programas de captación de talento
-Mellorar a planificación das Áreas, asignando un docente estable responsable de coordinarse co profesorado de lista de agarda (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Reunión grupal do coordinador da materia TFG cos/as directores/as de ditos traballos ao remate do segundo cuatrimestre para estimar os posibles TFGs que previsiblemente se van poder defender en tempo e forma na promoción que se gradúa no curso vixente (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
- Reunión do coordinador do TFG co alumnado para informar da implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Identificar o perfil do alumnado con TFGs matriculados e non lidos, e seguimiento con especial atención ao alumnado con TFG de longa duración (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Identificar o perfil do alumnado non graduado en tempo e forma (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción baixo	Tanto a normativa vixente (protección de datos) como o alumnado implicado non favoreceron o desenvolvemento desta acción
-Analizar polo miúdo que sectores do estudiantado presentan unha maior taxa de abandono (Grao Xeografía e Historia e PCEO)	Realizada. Grao de satisfacción baixo	Tanto a normativa vixente (protección de datos) como o alumnado implicado non favoreceron o desenvolvemento desta acción
-Aumentar as reunións co alumnado do Mestrado por parte da coordinación do PAT, para explicarles as súas funcións e actuacións (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Realizada. Grao de satisfacción alto	
-Aumentar as actividades informativas sobre orientación profesional para o alumnado do Mestrado	Pendente	Non se pudo realizar a reunión prevista do alumnado cos técnicos de orientación

(Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)		profesional por problemas técnicos
-Identificar por parte da coordinación do Mestrado os motivos que explican a redución entre o seu alumnado da satisfacción coa organización e desenvolvemento desta titulación, da peor puntuación acadada por segundo curso consecutivo pola satisfacción coa plataforma de teledocencia (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Realizada. Grao de satisacción alto	Cambiouse da plataforma e-meeting ao Campus Remoto no curso 2022/2023 co obxectivo de que esta nova plataforma resulte ser satisfactoria para o alumnado
-Informar á vicerreitoría do campus de Ourense e á vicerreitoría de Comunicación da necesidade de achegar a súa información ao alumnado do Mestrado (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Pendente	Non foi posible levar a cabo as dúas reunións previstas nesta acción de mellora
-Difundir entre o alumnado do Mestrado a utilidade do recurso das QSP para expor a súa opinión (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Realizada. Grao de satisacción alto	A acción de mellora desenvolveuse a través do PAT da titulación
-Organizar unha reunión co PAS implicado no Mestrado para coñecer cal o cales poden ser os motivos que explican a súa baixada nas enquisas de satisfacción (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Pendente	Non foi posible levar a cabo a reunión prevista nesta acción de mellora
-Reunión do coordinador do TFM co alumnado do Mestrado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Realizada. Grao de satisacción alto	Realizáronse dúas reunións do coordinador do TFM co alumnado: a primeira para informarles da organización e estrutura do TFM (20/10/2022), e a segunda para que o profesorado lles expusese as liñas de investigación e oferta para o TFM (10/11/2022)
-Reunión do coordinador do Mestrado co profesorado que imparte as materias cuxa taxade rendemento é inferior ao 30-35% (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)	Realizada. Grao de satisacción alto	
-Determinar as causas da redución da taxa de rendemento no Mestrado e se é posible implementar	Realizada. Grao de satisacción alto	

melloras a partir de aí (Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural)		
---	--	--

---

## IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

\*As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Deben incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumplimentadas a través da mesma como anexo a este informe

- Accións de mellora a implantar:

### Grao en Xeografía e Historia e PCEO:

- Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora.
- Incrementar entre os membros da comunidade do Centro a difusión da importancia que teñen as EAD.
- Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titulares/as fixadas no PAT, como tamén ás reunións periódicas co decano.
- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titulares/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe dita baixa valoración deste ítem, para co coñecemento das mesmas aplicar as melloras que proceda na web.
- Unha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade que opere como canle transmisora das accións de dita comisión aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/ás delegados/as de cada curso.
- Reiterar ao vicerreitorado a persistencia da problemática relacionada co envellecemento do PDI e a necesidade de buscar vías de solución a corto prazo.
- Mellorar a planificación das Áreas, asignando un docente estable responsable de coordinarse co profesorado de listas de agarda.
- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titulares/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que causa/s se debe a súa baixa valoración na satisfacción co PAS, para co coñecemento da/s mesma/s aplicar as melloras que proceda.
- Animar ao alumnado, tanto do Grao coma do PCEO, a que asistan ás reunións cos/as seus profesores/as titulares/as fixadas no PAT, para axudarelles a axustar o tempo que dedican ás

---

actividades académicas relacionadas co programa formativo (acción a aplicar nos dous primeiros puntos febles detectados no Criterio 6 e no primeiro do Criterio 7).

- Reunión do coordinador do TFG co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes.
- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe a baixa valoración do Criterio 6.
- Realizar un seguimento dos sectores do estudiantado que presentan unha maior taxa de abandono.
- Indagar, tanto no alumnado do Grao coma do PCEO, a través das reunións cos/as seus profesores/as titores/as fixadas no PAT e das reunións periódicas co decano, a que se debe a baixa valoración do Criterio 7.

#### Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural:

- Aumentar as reunións co alumnado por parte da coordinación do PAT, para explicarles as súas funcións e actuacións.
- Incrementar a difusión entre as persoas egresadas da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora.
- Indagar, a través das reunións co seu profesor tutor fixadas no PAT, a que causa/s se debe dita baixa valoración da satisfacción coa plataforma de teledocencia por parte do alumnado, para coñecemento da/s mesma/s aplicar as melloras que proceda.
- Reunión do coordinador do TFM co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM (acción a aplicar nos dous primeiros puntos febles detectados no Criterio 6).
- Realizar un seguimento dos sectores do estudiantado que presentan unha maior taxa de abandono.
- Incrementar a difusión da importancia que teñen as enquisas de satisfacción para poder implantar accións de mellora.

---

## V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

### I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Julio Prada Rodríguez (Decano e Presidente da Comisión de Calidade)  
Antonio Presedo Garazo (Vicedecano e Coordinador de Calidade)  
María López Díaz (Colaboradora de Calidade)  
Carmen Arribas Álvarez (Vicedecana e Representante da Administradora)  
Domingo Rodríguez Teijeiro (Secretario da Comisión de Calidade e Responsable de alumnado PIUNE)  
Beatriz Vaquero Díaz (Coordinadora do Grao en Xeografía e Historia)  
Fermín Pérez Losada (Coordinador do Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural, e representante do departamento de Historia, Arte e Xeografía)  
Yolanda Barriocanal López (Representante PDI)  
Xosé Ramón Campos Álvarez (Representante PDI)  
Lucía Domínguez Carrera (Representante alumnado)

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluir que:

Conclusiós relevantes	
1.	O presente IRD describe e analiza dun xeito directo e accesible a situación do Centro e os títulos que se imparten nel durante o curso 2021/2022.
2.	O balance xeral é que semella que neste curso (no que se recuperou a presencialidade sen o sistema de quendas, e cunha ventilación permanente das aulas) se produciu un punto de inflexión en relación coa dinámica dos anteriores, e que non só se evidencia no descenso de moita consideración na participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. É evidente que, en termos xerais, tamén se produciu un descenso obxectivo nos valores acadados nos diferentes criterios, o cal desexamos responda a unha situación puntual, vinculada unicamente á promoción que lle correspondeu cumprimentar as mencionadas enquisas por cursar o curso 3.º
3.	Un aspecto moi positivo a destacar é que as nosas titulacións seguen a manter unha boa dinámica nos resultados da 1.º matrícula.

4.	De novo, os resultados das enquisas de satisfacción permiten identificar que persiste unha clara disociación entre a percepción que ten o alumnado do Grao e a do PCEO, se ben a coincidencia nalgúns ítems concretos anímanos a seguir traballando na deseñable converxencia entre ambos os dous sectores do noso estudiantado. Así mesmo, a diferenza de cursos anteriores, áinda que os resultados tampouco son nada satisfactorios entre o alumnado do Mestrado, son algo mellores que no Grao e no PCEO.
5.	Persiste unha preocupante taxa de gradación baixa tanto no Grao como no Mestrado. Polo tanto, un curso máis, unha parte salientable das accións de mellora que se propoñen no presente IRD pretenden atallar este problema.
6.	Na redacción deste informe, suprimíronse todos os aspectos redundantes para nos centrar na análise obxectiva dos aspectos máis salientables das titulacións do Centro.

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	Continuar nesta liña de traballo na que se evidencia as vantaxes do Sistema
2.	Continuar mantendo a idea de que o Sistema axuda a identificar a realidade do Centro e, en consecuencia, a necesidade de difundir as súas actuacións entre o alumnado
3.	Determinar as causas da taxa de abandono e as taxas de gradación baixas en ambos as dúas titulacións
4.	Manter as liñas de traballo desta Comisión

## VI. ANEXOS

- Anexo 1. Autoinforme de seguimento que se realizou na USC do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.), no cal participa o noso Centro, referido ao curso académico 2021/2022.

**Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da  
Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)**

## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade  
(4<sup>a</sup> ed.)**

**Curso Académico: Curso 2021-2022**

# Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados
    - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4 <sup>a</sup> ed.)
Mencións/Especialidades	Especialidade en Historia do Mundo Clásico Especialidade en Arqueoloxía
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo Universidade de A Coruña
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2020
Data acreditación ex ante (verificación)	07/10/2014
Data renovación acreditación	19/05/2020

# Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudiantes.

#### 1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado non se rexistraron novedades significativas respecto aos datos incluídos no informe de renovación da acreditación, previo á 4<sup>a</sup> edición do master, elaborado a finais do curso 2019-2020 e que obtivo a cualificación de “favorable”. En efecto, trátase dun título con carácter estratégico que da resposta ás necesidades formativas do SUG e da sociedade galega. Durante os cursos académicos impartidos o Máster ofreceu aos alumnos unha formación especializada, contribuíndo, entre outros aspectos, de maneira decisiva á mellor preparación dos arqueólogos e das arqueólogas, o que repercute a súa vez en beneficio da sociedade á que están destinados a servir. Trátase, polo tanto, dunha titulación que, sen estar vinculada a unha profesión regulada, relaciónnase directamente coa actividade profesional da Arqueoloxía e coa investigación nesta mesma área e na de Historia da Antigüidade.

Os estudos dan resposta ás cambiantes necesidades do mercado laboral, permiten a formación continua e favorecen a validación de coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos. A aprendizaxe da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade veríase gravemente comprometida se se restrinxira só as titulacións xeneralistas, sen especialización.

O título oferta cada ano 25 prazas (IN01M). A evolución da matrícula manifesta lixeiras oscilacións, cunha tendencia que alcanza ou supera a cifra de 20 alumnos de novo ingreso. A media dos últimos cinco anos é de 19,2; pensamos que a cifra de 16 no curso 2016-17 débese a unha situación conxuntural; de feito, os anos posteriores foron sempre superiores, quedando en 20 os matriculados no curso 2021-22, segundo ano da 4<sup>a</sup> edición deste master. A evolución da matrícula pódese ver na táboa seguinte (sumando as cifras da USC, UVigo e UdC).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (IN02M)	20	26	16	21	18	21	20	20

Non é fácil determinar as causas das pequenas flutuacións na matrícula, pero a táboa apunta a que os cursos 16-17 e 18-19 foron excepcionais e non un cambio de tendencia. Como aspecto positivo, manteñese a matrícula de alumnos estranxeiros, en concreto procedentes de China, dende o curso 2018-19 ata 2020-21 tal e como se reflicte na táboa seguinte) (IN08M) (as porcentaxes que dá a USC non recollen os datos da UVIGO ou da UCD):

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total (%) (IN08M)</b>	5,26	0,00	3,85	4,00	7,41	12,00	10	4,17

É importante destacar os seguintes aspectos:

a) A inmensa maioría dos alumnos de novo ingreso matrículanse de todos os créditos ofertados (IN04M), ata o momento só un acolleuse á modalidade de matrícula a tempo “parcial” (que xa ven do curso p recedente). Ademais, houbo duas estudante matriculadas que abandonaron no segundo semestre, una por motivos de saúde, e a outra por motivos descoñecidos (incluimos solo os datos da USC).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total (IN04M)</b>	19,00	20,00	16,00	20,00	18,00	19,00	19	17

b) A docencia impártese indistintamente en galego e castelán, grazas ás accións de mellora e potenciación do idioma galego que se realizan tanto para o alumnado como para o profesorado.

c) Os contidos, planificación docente e a metodoloxía do Máster contan co respaldo de diversas institucións da comunidade autónoma galega, en particular, de concellos (destacado o de A Coruña e Santiago de Compostela), museos e do servizo de patrimonio cultural da Xunta de Galicia. Tamén contamos co apoio de moitas empresas privadas de arqueoloxía.

Debemos mencionar que a partir de marzo de 2020 tivemos que pasar á docencia non presencial a causa do Estado de Alarma derivado do COVID-19 (curso 2019-20). Desde curso 2020-21, primeiro ano desta 4<sup>a</sup> edición, voltouse á presencialidade coas precaucións sanitarias esixidas e necesarias derivadas do mantemento da situación de pandemia, que foron mantidas no curso 2021-22, sempre seguindo as indicación da xerencia da nosa institución.

### 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias corresponde co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, corresponden co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumple a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecuase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste curso, segundo ano da 4<sup>a</sup> edición do master interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, no que participan plenamente as tres universidades do SUG e máis o CSIC, xa están consolidadas as tres materias novas impartidas dende o curso 2017-18: “Arqueoloxía de Mesopotamia” e “Técnicas instrumentais e cronolóxicas en arqueoloxía”, a cargo de profesores da UDC, e a materia de “Necrópole e restos humanos” ofertada a partir do curso 2018-19, que continúa sendo a optativa con máis alumnos matriculados.

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

Ademais nesta edición incorporáronse outras novas materias que completan a formación dos estudantes egresados, que están a ter moito éxito. A materia obligatoria de 'Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade', e as materias optativas 'Cultura material medieval y moderna', 'Arqueobotánica', 'Zooarqueología'.

Así mesmo as modificación da oferta de outras 6 materias nesta 4º edición, axústanse mellor ás necesidades formativas ('Escavación arqueolóxica', 'Practicum', 'Epigrafía latina', 'Historia das relixións antigas', 'Historia antropolóxica do mundo antigo', 'Historia do arte grego').

Os obxectivos establecidos na Memoria continúan a cumplirse desde a posta en funcionamento do Máster, adquirindo os alumnos as competencias xenéricas e específicas que se inclúen na Memoria. O grao de satisfacción do alumnado constátase, tanto polo sistema de enquisas establecido con carácter xeral para todos os títulos pola USC (ao que nos referiremos no apartado correspondente), como polas enquisas *ad hoc* realizadas desde a coordinación académica, os informes dos titores dos TFM e do sistema administrativo de apoio ao Máster.

Debemos salientar ademais, que ao longo do curso 2021-22 foron desenrolados seminarios complementarios á docencia, un total de xxx obradoiros, que son os que seguen:

1. Experiencias de prospección en Galicia, 27 setembro 2021
2. Contribución de la ciencia de la madera en los estudios paleoambientales y arqueobotánicos, 9 de outubro de 2021
3. Prospección de poblamiento ibérico y romano en el sureste peninsular, 3 noviembre 2021
4. Introducción a la fotografía de cerámica en Arqueología, 24 de noviembre de 2021
5. Introducción al dibujo manual de cerámica en Arqueología, 24 de noviembre de 2021
6. Legislacion y arqueología profesional, 15 febreiro 2022
7. Usos e Discursos de Xénero en Arqueoloxía, 22 de febreiro de 2022
8. Legislacion y gestión de un museo arqueologico, 15 marzo 2022
9. Patrimonio y derecho penal, 28 marzo 2022
10. Procesos participativos en Arqueología. Comunidades y contextos, 29 de marzo de 2022
11. Seminario de Campo: Arqueología de la Arquitectura sobre el terreno. 1 de abril de 2022
12. Metodología Arqueología de la Arquitectura, los lunes del mes de marzo de 2022
13. Arqueología comunitaria en un contexto de conflicto, el proyecto Santa María de la Antigua del Darién (Chocó, Colombia), 18 de abril de 2022
14. La Ponte ecomuseu y centro de investigación, 19 de abril de 2022
15. A Pedra que Fala, asociación cultural y medioambiental de San Xoan y Santa Cristina de Fecha, 26 de abril de 2022

Non hai participación do alumnado en programas de mobilidade, xa que os estudiantes se matriculan polo interese de permanecer todo o curso deste master en Santiago.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

### Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarse o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudiantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo a normativa da USC referida ao nomeamento dun titor da materia de TFM, mantense ao profesor Francisco Javier González García quen desenvolve a súas responsabilidades con gran eficacia. A acción introducida no curso 2017-18 de asignar un titor por cada 3 alumnos non se aplicou porque non contribuía de maneira significativa á mellora da proposta: que os alumnos elixisen pronto o seu tema e titor de TFM.

Así mesmo, tendo presente o informe emitido pola ACSUG no proceso de acreditación do título, a C.A. considerou oportuno introducir no 2018-19 unha acción de mellora consistente en solicitar unha maior concreción ás programacións académicas de cada materia, requisito que se mantén na 4<sup>a</sup> edición, tanto no curso 2020-21 como no 2021-22. En concreto, son incorporados os seguintes aspectos:

- Un apartado sobre “prácticas” especificando o número de horas, a súa distribución e a descripción da mesma.

- O apartado sobre avaliación debe indicar: (a) se haberá ou non exame; (b) a definición dos traballos coa maior precisión posible; (c) as datas de entrega dos traballos; (d) a ponderación dos distintos elementos que serven de base para a avaliación. A causa da pandemia a recomendación para todas as materias foi que se realizara na medida do posible unha avaliación continua.

Ademais, a C.A. considerou unha “boa práctica” que as avaliacións de varias materias fixéransen conjuntamente (p. ex., que un mesmo traballo feito en varios módulos sirva para varias materias) e que se facilitase no posible a converxencia coa temática nos respectivos TFM.

A coordinación, tanto entre o profesorado como entre as tres universidades (USC-UVigo-UDC), seguiu sendo excelente durante o curso 2021-22. En conclusión, a través da pluralidade de mecanismos garántese a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), incluíndo as Prácticas Externas. En definitiva, todos os ensinos que se imparten responden, en termos xerais, a unha mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados.

Finalmente, salientar a constitución de dúas C.C.A.A., unha interuniversitaria e outras locais, por cada universidade, que foron desenrolándose simultaneamente dende a súa constitución.

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudiantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.

#### Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudiantes que os cursen.

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O compromiso de chegar a 20 alumnos de novo ingreso por ano mantense como obxectivo prioritario, e fanse importantes esforzos para alcanzalo. As xornadas de orientación profesional que organizan as facultades de Xeografía e Historia (USC), de Historia (UVigo) e de Humanidades (UDC) para os alumnos de último curso do grao nas titulacións de Historia, Historia da arte, Xeografía e Xeografía e Historia, e a propia Vicerrectoría de Internacionalización son unha boa iniciativa, que debería continuar, a pesar de que a asistencia de alumnos non é demasiado elevada.

Neste sentido cabe salientar o interese da realización dunha actividade de promoción do master orientada a futuros estudantes, organizada pola Vicerrectoría de Titulacións e Captación Internacional en febrero de 2022, e a grabación dende o decanato da facultade de Xeografía e Historia de vídeos curtos para a promoción dos masters, nas mesmas datas, co mesmo obxectivo, chegar a potenciais alumnos de todo o territorio nacional, especialmente da zona norte/noroeste e de América do Sur e Mesoamérica. Ademais mellorouse a información da páxina web do título e a información de Facebook. Poderanse utilizar outras redes sociais como ferramentas de difusión (twitter, Instagram, etc.).

Progresivamente, tanto na USC como na Uvigo e na UDC, foise mellorando e aproximando o calendario de matrícula, que antes se solapaba co comezo do curso, o que provocaba certas disfuncións. A progresiva aproximación permite axustar mellor as datas de avaliacións cara ao peche de actas, eliminándose os problemas detectados nos cursos anteriores.

A nota media de acceso segue manténdose por encima do 6 cunha tendencia ascendente (IN07M), sendo a do curso 2018-2019 a más elevada. No curso 2021-22 rexistrouse unha lixeira subida que a convirte no curso ca media máis alta dende que hay rexistro de datos (IN06M):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total (IN06M)</b>	6,99	7,14	6,77	7,05	7,19	7,15	6,90	7,31

No curso 2021-22 houbo unha subida na porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) ao 20,83% (no anterior alcanzou o 10%, aínda que non alcanzou o 22,22% do curso 2018-19), o número de estudiantes procedentes da USC pasou do 65% do total ao 45,83% (IN13M).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total (%) (IN09M)</b>	5,26	22,22	15,38	20,00	22,22	8,00	10	20,89

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total (%) (IN13M)</b>	73,68	62,96	73,08	68	55,56	72,00	65	45,83

Creamos que manter un perfil de ingreso amplio (graduados de diferentes titulacións) contribúe a dar maior riqueza ao título; curso tras curso, constatamos que as cualificacións medias dos alumnos que proceden do grao de Historia son semellantes ou inferiores ás alcanzadas por quen procede doutras titulacións. Así, no curso 2014-15, os alumnos que accederon ao máster desde o grao en Historia obtiveron unha nota media de 8,2, mentres que os do grao en Arte un 7,31.

## **Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)**

No curso 2015-16 a equiparación foi absoluta (grao en Historia: 7,85; grao en Historia de Arte: 7,89). Nos perfís más afastados os alumnos obtiveron notas medias claramente superiores 8,38 (licenciatura en filoloxía clásica); 8,5 (grao en Bioloxía) 8,0 (grao en Humanidades); 9,2 (licenciatura en Belas Artes). Hai que ter en conta tamén que o peso da arqueoloxía e Historia Antiga no grao en Historia é reducidísimo (dúas materias semestrais en primeiro e segundo curso), polo que non son necesarios complementos de formación. Pensamos que restrinxir o acceso aos graduados en Historia ou en Xeografía e Historia empobrecería considerablemente o título.

### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Consello de Goberno da USC do 16 decembro de 2016 aprobou un novo regulamento do TFM, que está publicado na web do máster (<https://www.usc.es/posgrafo/muarqueo/TrabajofindeMaster.html>). No curso 2021-22, como ven sendo habitual, realizamos unha xornada ao comezo do curso, nas que os profesores presentan as súas liñas de investigación co fin de facilitarles a elección do tema e titor do TFM, realizouse en formato online (8 de outubro de 2021), á que asistiron todos os estudiantes e un número maior de profesorado que outros anos.

Como comentamos no apartado precedente, houbo unha actividade para promocionar o master a través de webinar para a edición do curso 2021-2022. As datas foron o 22 de febreiro de 2022 promovida pola vicerreitoría, e videos da propia facultade de Xeografía e Historia (cara aos estudiantes de grao da USC, do SUG, do estado español e con orientación internacional).

A constante actualización da web propia (<https://www.usc.es/posgrafo/muarqueo/Presentacion.html>) como complemento da web oficial da USC contribúe a ter informado aos estudiantes egresados e aos que desexan obter información do master en tempo real, nesta web colgouse un vídeo de 6 minutos realizado para a promoción en maio de 2020, e está accesible na web propia, na páxina de presentación, para consultar.

# Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Públicase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde a Facultade de Xeografía e Historia da USC promóvese que toda a información sexa pública e facilmente accesible a través do apartado de acordos de Facultade e Comisión Permanente, onde se aproban todas as suxestións e reflexións da Comisión do SGC:

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordosxunta.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html>

De acordo coa observación realizada pola subcomisión avaliadora da acreditación, actualizáronse as posibles ligazóns rotas e incorporáronse os acordos da Comisión de Calidade.

Toda a documentación do sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo está dispoñible na páxina web do centro <http://historia.uvigo.es/gl/calidate>, onde ademais hai un apartado específico sobre a descripción do título <http://historia.uvigo.es/gl/titulacions/mestrado-en-arqueoloxia-e-ciencias-dá-antigüidade> e orientativa sobre a titulación para os alumnos da Universidade de Vigo <http://arqueoloxia.webs.uvigo.es/>

Así mesmo na Universidade de A Coruña está dispoñible este información na páxina web do centro <https://humanidades.udc.es/estudos/máster-miaca/información-del-t%C3%A9Adtulo>

O máster posúe a súa propia páxina web na que se inclúe toda a información necesaria, sendo mellorada cada curso académico: <https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/Presentacion.html>

A páxina web é a nosa principal canle de información e mantense permanente actualizada puntualmente, prestando especial atención ás PAE, ao TFM e as actividades extra-académicas. A USC ten unha páxina propia de máster (orientada sobre todo ao alumno que ainda non está matriculado) que enlaza coa páxina do máster:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/artes-humanidades/master-interuniversitario-arqueoloxia-ciencias-antigüidade>

Así mesmo contamos cunha páxina en Facebook que resulta moi útil para difundir as actividades así como tamén outras relacionadas coa arqueoloxía ou a historia antiga especialmente en Galicia: <https://m.facebook.com/masterarqueoloxia/>, desta se encarga a Uvigo.

# Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propor accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Sistema de Garantía Interna de Calidade da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixos, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias para estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, nunha sesión celebrada en maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo, no que se procedeu á simplificación dos documentos e os procesos asociados ao SGIC.

O master de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade inclúese no Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-simplificado-do-SGIC-do-centro-2020.pdf> ;

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xehistoria/descargas/Manual-de-procesos-e-procedementos-do-SGIC-do-centro-2020.pdf>

A memoria de calidade da facultade de Xeografía e Historia para o curso 2019-20 pode consultarse no seguinte enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/7k1uskN3AQkXF5OjNuiBKrZ5vpmGGx9SsfHGdDqlqoY/1635401057/public/documents/2020-10/memoria-de-calidade-facultade-de-xeografia-e-historia-2019-20.pdf>

Na universidade de Vigo, o SGIC pode consultarse en <http://historia.uvigo.es/gl/calidade/manual-de-calidade-e-os-aspectos-concretos-do-máster-de-Arqueoloxía-e-Ciencias-da-Antigüedad>, en <http://historia.uvigo.es/gl/calidade/seguimiento-de-titulos>

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

Na universidade de A Coruña, o SGIC pode consultarse en [https://udc.gal/es/utc/estrutura\\_udc/centros/f\\_humanidades\\_documentacion/index.html](https://udc.gal/es/utc/estrutura_udc/centros/f_humanidades_documentacion/index.html)

Tanto os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, como os de suxestións e reclamacións desenvolvéronse de acordo ao establecido. Todas as peticóns e dúbidas foron resolvéndose satisfactoriamente.

Tanto a Facultade de Xeografía e Historia da USC como a Facultade de Historia da UVigo e a Facultade de Humanidades de A Coruña, contan coas súas respectivas Comisións de Calidade, nas que están representados os coordinadores dos títulos impartidos e ás que corresponden as seguintes funcións:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC.
- Elaborar a Memoria de Calidade que englobará distintos informes e memorias:
  - Proposta do plan de melloras para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
  - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
  - Informes de seguimento dos Títulos.

Os mecanismos de recollida de información están establecidos no proceso PM-01 Medición, análise e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade. De acordo con este proceso e unha vez establecido o panel de indicadores e informes que se facilitarán aos centros de forma centralizada, os Responsables de Calidade de cada Centro, ou persoa en quen delegue, encárgase de recibir, revisar e comprobar a validez de toda a información necesaria para a análise. En caso de detectar algúna ausencia ou erro na información, comunicase á ÁREA de Calidade e Mellora dos Procedementos para a súa corrección.

No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado para a súa verificación pola ACSUG. Tal verificación respondía o compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder elaborar un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

A partir deste sistema de garantía de calidade nace a correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos

([http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/comisixns\\_delegadas\\_marzo\\_2015.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/comisixns_delegadas_marzo_2015.pdf)) xunto coa xunta de Facultade, cujos acordos (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordosxunta.html>), o mesmo que os da Comisión permanente son públicos (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoscomision.html>) asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas aplicados en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

En esencia, trátase dun documento onde se recollen os procedementos a seguir e contribúe á transparencia á vez que garante a calidade dos ensinos, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación, que xa está proposta e será nomeada nese curso, no que celebrará a súa primeira reunión. A valoración do título por parte da axencia avaliadora foi positiva, aínda que propuxo melloras que se foron introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión, tanto en relación ao estudiantado como ao profesorado e ao persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.

Do mesmo xeito, a calidade da docencia reflíctese na positiva evolución de satisfacción do alumnado, como pode verse aquí (IN46M), aínda que hai un pequeno descenso no curso 2019-20 que podería ser das dificultades

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

derivadas do COVID19 que se prolongaron no curso 2020-21. No curso 2021-22 hai un ascenso que resalta este curso como o más positivo nas enquisas do master. Con base a unha puntuación sobre 5, estes son os datos desde o curso 13/14:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total (IN46M)</b>	3,40	3,57	3,48	3,95	3,99	4,1	3,91	3,89	4,3

A facultade de Historia da Universidade de Vigo obtivo no curso 2017-2018 a certificación do SGIC e a partir dese momento o obxectivo é corrixir aqueles aspectos detectados e mellorar a implantación do Sistema a todos os títulos que imparte. A facultade de Humanidades da Universidade de A Coruña acadou a súa certificación en 2010.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tras o informe de seguimento (2014-1015) e despois de obter, en 2020, o informe favorable da ACSUG para a renovación da acreditación nunha 4<sup>a</sup> edición do master, as accións centráronse, especialmente, nas correspondentes accións de mellora, cuxo cumprimento foi satisfactorio. Aspectos como a sobrecarga de traballo nalgunhas materias e á coordinación dos TFM mellorou substancialmente.

Así mesmo, a mellora relativa á Aula Virtual acadouse con éxito neste curso 2020-21 e se mantén neste curso 2021-22, como estaba previsto, a través da xestión no Centro de Tecnoloxías para o Aprendizaxe, da alta individualizada de cada docente e estudiante á plataforma da USC, xa que polo momento non hai unha integración das plataformas das tres universidades galegas.

Os resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e os derivados do sistema reforzado de entrevistas periódicas realizadas pola coordinación académica, non evidencian a necesidade de efectuar modificacións en aspectos substanciais (plan de estudios, metodoloxía, profesorado, infraestrutura, etc.) da titulación, salvo o comentado nos subapartados concretos do presente Informe.

Así mesmo, as accións de mellora que se propuxeron nos anteriores Informes de seguimento, consecuencia das accións de análises levadas a cabo desde o SGC, fóreronse executando con normalidade na súa maior parte, permitindo levar a cabo melloras concretas (que se recollen neste Informe) na impartición do título. En conclusión, pode afirmarse que se evidencia un funcionamento adecuado da titulación.

A mellora mais importante consistiu na posta en marcha, trala verificación oportuna pola ACSUG, no curso 2020-21, dunha nova edición do máster (a 4<sup>a</sup>), que acolle xa a tódalas institucións docentes e investigadoras galegas

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

vencelladas coa arqueoloxía e a historia antiga. Neste curso amósanse todas as institucións ben integradas no sistema. Como foi comentado nun apartado anterior, a 4<sup>a</sup> edición, que mellora os contidos das materias e engade materias de interese, necesarias para a titulación, consistiu en:

- Ofertar novas materias que completan a formación en arqueoloxía e historia antiga: A materia obligatoria de ‘Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade’, e as materias optativas ‘Cultura material medieval y moderna’, ‘Arqueobotánica’, ‘Zooarqueología’.
- Modificar lixeiramente a oferta en materias xa existentes, acórtase a materia obligatoria de ‘Escavación arqueolóxica’ a un semestre; e o ‘Practicum’, que pasa a ser materia obligatoria seguindo a demanda de anos anteriores.
- Modificar os títulos das materias ‘Epigrafía latina’, ‘Historia das relixións antigas’, ‘Historia antropolóxica do mundo antigo’, ‘Historia da arte grega’ para axustarse mellor aos contidos impartidos.

Este curso 2021-22 continua con este enfoque, seguindo o sinalado na Memoria.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establecense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

De acordo co Sistema Marco de Garantía da Calidade, o sistema debe revisarse e actualizarse polo menos cada tres anos ou sempre que se produzcan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacóns ou revisóns do SGIC.

No ano 2013 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou unha simplificación documental do Sistema Marco de Garantía da Calidade que foi posteriormente adoptada pola Facultade de Dereito.

En outubro de 2014 realizouse unha nova modificación relativa aos indicadores e informes dispoñibles para o seguimento e mellora dos títulos.

En xullo de 2015 realizouse e aprobado unha revisión do Manual de Procesos e Procedementos, derivadas fundamentalmente da necesidade de adecuación a cambios normativos.

As evidencias do SGC manifesta a existencia dunha cultura de calidade no Centro que pretendeu e pretende continuamente a mellora da titulación do Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Preténdese que a titulación sexa un referente no ámbito do SUG, e tamén no conxunto do sistema universitario español.

# Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudiantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En relación co persoal académico do Máster non existen novedades con respecto ao anterior Informe de seguimento, polo que se considera que é suficiente e adecuado de acordo coas características do plan de estudos, a modalidade presencial, o número de estudiantes e as competencias que deben alcanzar. Ademais, en termos xerais, recibe unha boa valoración por parte dos estudiantes.

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora e/ou experiencia profesional) exixido pola normativa vixente para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na Memoria verificada. Ademais, na maioría dos casos, o mesmo profesorado vén impartindo os mesmos contidos ao longo dos últimos anos, o cal lles aporta dunha experiencia moi útil. En diversas materias, os profesores proceden das tres universidades do SUG (USC, UVigo e UDC) e do INCIPIT-CSIC, e imparten os contidos da súa especialización. Asimesmo, contamos con colaboracións de profesorado de outras universidades españolas como da Universidade de Cantabria, e a Universidade de León, para impartir algunas horas en dúas materias moi especializadas (Arqueobotánica e Zooarqueoloxía).

Cabe sinalar que o profesorado da UVigo e o de la UDC, e o profesorado colaborador das Universidades de Cantabria e León, realizan o esforzo suplementario de desprazarse a Santiago de Compostela para impartir a docencia. A UVigo facilita os medios económicos necesarios para compensar o prezo do transporte, e o profesorado da UDC ven á USC polos seus medios, mentres que a coordinación e a comisión académica do máster tentan deseñar uns horarios que faciliten os desprazamentos. Con todo, non excluímos que no futuro, de forma ocasional, haxa que recorrer á videoconferencia.

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

O profesorado conta cun alto nivel de cualificación. Como pode verse no informe de indicadores (IN25M), todos son doutores (100% no 2021-22 e 2020-21, 2019-20, 2018-19 e en 2017-18 fronte a 92% no 2016-17) e a maioría contan con sexenios de investigación (IN24M) (o 91,67% no 2021-22, 100 % tanto no 2020-21 e 2019-20 e 2018-19 como en 2017-18 e en 2016-17). Ata o momento, todos están en disposición de dirixir TFM e de participar nos tribunais que os cualifican, unha tarefa gravosa que obriga a contar con todos os recursos dispoñibles. Con todo, o número de profesores dispoñibles é suficiente para atender aos estudiantes aínda que non dispoñemos de datos dende o 2016-17 (IN30M), non cremos que cambiase substancialmente a cociente de 1,93 estudiantes matriculados por cada profesor con docencia a tempo completo. A media de alumnos nos grupos con docencia expositiva ou interactiva mantense estable entre 11 e 13 alumnos (11,7 no curso 2018-19), aínda que non hai datos para o curso 2019-20, a media mantense para o 2020-21 (11,35) e é 10,27 para o curso 2021-22 (IN32M), o que permite o emprego de metodoloxías dinámicas, participativas, tanto de traballo individual como en grupo. Constátase un elevado número de áreas de coñecemento implicadas: Arqueoloxía, Historia Antiga, Prehistoria, Edafoloxía e Historia da arte; grazas a esta diversidade, pódese atender ao carácter multidisciplinar que é propio do máster.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M), que era tradicionalmente baixa, mellorou, pasando do 2,2 (2014-15) ao 2,89 (2015-16) 2,95 (2016-17) 3,83 (2017-18) 4,16 (2018-2019), 3,87 (2019-20) e 3,47 (2020-21), 4,12 (2021-22). Podería interpretarse a lixeira baixa no curso 2020-21 por mor do COVID19, pois a pesar do desenrollo presencial das clases houbo moito desacougo a causa do temor aos contaxios e a existencia de baixas puntuais pero continuas, tanto de profesores como de estudiantes, por contaxio e carentena. Estes factores complicaban o ritmo na docencia. Pero no ano 2021-22 todo volvén á normalidade nas clases.

A introdución dunha nova normativa de TFM implicou, como xa sinalamos, o nomeamento dun profesor para a coordinación dos TFM., co obxectivo de conseguir que todos os alumnos defendan o seu TFM en tempo e forma. Con todo, resulta necesario analizar coas autoridades universitarias competentes a carga horaria computable a cada profesor universitario que participa na materia do TFM, dado que o cómputo oficial resulta moi desaxustado conforme ás horas reais de dedicación.

En relación coas dinámicas docentes, ademais debemos salientar a existencia de actividades complementarias á mesma. Como cada ano organizamos unha actividade inaugural na que un ou unha profesional é invitado para dar unha conferencia, no curso 2021-22, impartiua a conferencia inaugural do Dr. Pedro Díaz del Río Español do Instituto de Historia do CSIC en Madrid titulada “*La mina de sílex de Casa Montero (c. 5300 AC) de la intervención preventiva a la divulgación*” (14 de setembro de 2021, Aula Magna da Fac. de Xeografía e Historia).

As Xornadas de Arqueometría en Galicia, que habitualmente estabanse a celebrar en outubro de cada curso desde 2014, tiveron que posporse no 2019-20 por mor do Covid, pero voltaron a recuperarse no curso 2021-22. ‘VII Jornadas de Arqueometría en Galicia. Entre lo ritual y lo mundano’. Celebradas o 20 de outubro e o 3 de noviembre de 2021 (10 horas), son xornadas de difusión organizadas e financiadas polo grupo de investigación EcoPast, con 200 inscritos, online (unha treintena de persoas) e presencial.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudiantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos

## Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

á contratación e mellora do persoal de apoio.

- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A organización e a planificación do Máster comporta unha elevada carga de xestión académica-administrativa (publicidade do título, información pública, programación académica, coordinación dunha case cuarentena de profesores de moi diversa procedencia, implicación de tres universidades e o INCIPIT-CSIC con xestión e calendarios diferentes, apoio permanente ao alumnado e ao profesorado, cualificacións, actividades de calidade, material didáctico, infraestruturas, medios materiais, xestión económica, etc.) e de coordinación.

Toda esta actividade de xestión e coordinación recae, en xeral, sobre os diversos servizos de apoio administrativo de que dispón a USC para todos os títulos oficiais e propios (SXOPRA, UXAs, OAR, ATIC, Secretaría xeral, Asesoría xurídica, etc.); e, de maneira moito más particular e directa, sobre a coordinación académica da titulación da USC, co apoio directo e permanente dun traballador dos servizos administrativos da USC, que viña sendo o posto adscrito ao departamento de Historia, este curso contamos ademais con persoal específico de apoio aos másteres na facultade. Pola súa banda, a UVigo dispón dunha coordinadora académica do título que conta co apoio dunha ÁREA nos servizos administrativos (para todos os másteres do Campus de Ourense), e a UDC conta cun coordinador académico do título que conta con apoio dos servizos administrativos para os másteres do Campus de Ferrol. O diferente funcionamento de diversos procesos e servizos entre as universidades, e especialmente a separación física das respectivas plataformas de xestión, supoñen un esforzo de coordinación engadido para os tres coordinadores académicos. Merece especial mención a xestión das convocatorias xeradas polo desaxuste entre os calendarios das universidades tanto para cuestións de preinscripción e matrícula, xestión académica das cualificacións, calendario de elaboración e defensa do TFM, etc., que pouco a pouco vanse aproximando e de feito xa conseguiuse unificar as datas de avaliación neste curso. Todas estas particularidades na xestión do título vanse solventando cun seguimento continuado e unha colaboración estreita por parte dos axentes implicados, áinda que supoñen un sobre-esforzo engadido que debe ser posto en relevo.

# Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.)

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudiantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudiantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudiantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudio, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudiantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudiantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudiante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudiante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudiantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

